




REAL SEMINARIO CONCILIAR DE STA. CATALINA - MONDOÑEDO (Lugo)

ANO XXXII - NÚMERO 225

xaneiro - marzo 2014

Día Castro

Nascida

Nimbos

Un paso adiante e outro atrás, Galiza

Pro ti

Con paso a

Xesús María

ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE «AMENCER»

Entidades colaboradoras:



Teléfono 982 521 014

Bispo Sarmiento, 35

MONDOÑEDO (Lugo)

RESTAURANTE
MONTERO

Estrada Nacional 634 - Km. 621

GOIRIZ -VILLABA (Lugo) - 982 511252



CONSTRUCCIONES
ISIDRO OTERO, S.L.

Avda. Buenos Aires, 58
27740 MONDOÑEDO (Lugo)
Telfs. 982 521 003 / 982 524 035
Fax 982 524 406
isidrootero@terra.es



secundino DOCAMPO s.l.

Teléfonos: 988 286 059 - 988 286 060 - 988 286 132

Fax: 988 286 060

Estrada Ourense - Lugo, km. 14

32102 - READEGOS - Ourense

A M E N C E R

editan:

**REALSEMINARIO CONCILIAR
DE SANTA CATALINA**

e

**ASOCIACIÓN CULTURAL
AMIGOS DE «AMENCER»**

Praza do Seminario, 1
Apartado, 2
27740 - **MONDOÑEDO** (Lugo)

número 225

**xaneiro - marzo
2014**

sumario

- . tapa: *homenaxe a Xosé María Díaz Castro*
- . taboleiro, 1
- . a xeito de cancela, 2
- . os nosos escritores:
 - Xosé María Díaz Castro, 3**
- . escolma, 9
- . faise saber..., 16
- . falamos con...
 - Alfonso Blanco Torrado, 17**
- . colaboracións, 25
 - E. Cal Pardo, *Mi recuerdo de Díaz Castro*, 25
 - Armando Requeixo, *Os anos mindonienses de Xosé María Díaz Castro*, 27
 - Xulio Xiz, *Mondoñedo e Xosé María Díaz Castro*, 55
 - X.M. Carballo, *Lerías para Amencer outra vez con Díaz Castro*, 55
 - Xosé Otero Canto, *Nimbos (Díaz Castro)*, 62
- . un poema inédito? en castelán, 63
- . colaboraron, 63

director:

JAIME PERNAS LOZANO, 1º ESO

consello de redacción

ERNESTO BARRO JIMÉNEZ, 3º ESO
DANIEL DÍAZ VILLAMEL, 3º ESO

coordinadores:

LEONOR RICO CHAO
OSCAR SANTIAGO SANMARTÍN
FÉLIX VILLARES MOUTEIRA

depósito legal: LU -1609-82

A XEITO DE CANCELA

Neste ano dedicado a Xosé María Díaz Castro ó cumprir os cen anos do seu nacemento e ó dedicarlle o Día das Letras Galegas 2014, *Amencer* quere unirse ás moitas homenaxes que se lle están a tributar ó «noso escritor» en todo o país galego. Por iso, este número da nosa revista vai dedicado por enteiro ó poeta dos Vilares. Ademais, manteremos nos números que publiquemos ó longo deste ano a sección «2014 Ano de Díaz Castro».

Cando ano ano 1997, finou don Antonino Roca (sacerdote natural dunha parroquia do concello de Guitiriz e que coincidiu con Xosé M^a Díaz Castro no Seminario), entre os seus papeis había unha carpeta con composicións poéticas súas e tamén un caderno con poesías e textos de diversos autores tanto en galego coma en castelán. Nalgunhas figura o nome completo do autor, noutras, como é o caso de Díaz Castro, só figuran as iniciais: JDC, que, curiosamente, en todas están raiadas. Un destes poemas en castelán reproducímo-lo ó final da nosa revista (páxina 63). Cremos que pode estar inédito. Os poemas galegos xa foron publicados no número 144 (novembro de 1997) de *Amencer* e pódense ver tamén na Escolma deste número.

Este número de *Amencer* foi posible pola colaboración desinteresada de varios amigos que nos enviaron os seus traballos, os seus artigos. Por iso, temos que mostrar o noso agradecemento a Armando Requeixo polo amplo e documentado traballo que nos mandou e polas fotografías que nos facilitou. A don Enrique Cal Pardo, pola súa colaboración. A Miguel Angel Domínguez Lama por facernos a tapa. A Xulio Xiz polo seu artigo e material fotográfico que nos mandou. A Xosé Manuel Carballo, pola súa xenerosa colaboración. A Xosé Otero Canto polo poema que fixo «ad hoc» coma homenaxe a Díaz Castro. Graciñas a Alfonso Blanco Torrado por contestar ás nosas preguntas e facilitarnos diverso material e a Carlos Rodríguez polas súas fotografías. Para todos a nosa máis fonda gratitude.

Tamén a nosa máis fonda gratitude para aquelas entidades comerciais colaboradoras e para a Vice-presidencia primeira da Deputación Provincial de Lugo que fan posible que *Amencer* vexa a luz.

a redacción



Rotulou:

ERNESTO BARRO JIMÉNEZ, 3º ESO

Xosé Manuel María Díaz Castro nace no barrio de O Vilariño, na parroquia de San Vicenzo de Os Vilares, no Concello de Guitiriz, ás oito da mañá do dezanove de febreiro de 1914. Era fillo do matrimonio formado por Isidro Díaz Calvo e María Manuela Castro López, que tiveron, ademais de Xosé María, outros tres fillos: Antonio, María e Serafín. As primeiras letras aprendeunas no Buriz, na escola de dona Clotilde. Na súa parroquia nativa, a partir de 1922, terá coma mestre a Manuel Cordeiro.

En 1929, cando Xosé María Díaz Castro ten quince anos, ingresa no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo. Antes asistiría a unha pasantía de Latín na casa reitoral da parroquia de San Pedro do Buriz para prepararse para o ingreso no centro mindoniense. Na súa familia, segundo nos dixo o poeta, xa houbera algún sacerdote: *«Na miña familia había unha tradición, xa anterga, de curas... E unha moi grande relixiosidade. A constante influencia acabou por determinarme. Eu non sabía se había ou non vocación, pero deixei arrastrar polos cariños familiares. Foi máis tarde, ben máis tarde, cando me din conta de que aquel non era o meu camiño»*¹.

¹ XIX RAMIL, Xulio, «Xosé María Díaz Castro: Nimbos de poesía» en *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, ed. Asociación Cultural Xermolos, Vigo, 1987, páxina 162.

No curso 1929-30, como alumno interno aproba o primeiro curso de Latín e Humanidades acadando «Meritissimus» (hoxe, sobresaínte-9) en Lingua Latina e Lingua Española que eran as materias que compoñían o plan de estudos. Nos exames extraordinarios celebrados o 27 de xuño de 1930, aproba o segundo curso de Latín e Humanidades, tamén con «Meritissimus» en todas as asignaturas: Lingua Latina e Lingua Española. O terceiro ano de Latín e Humanidades faino no curso 1930-31, levando de novo «Meritissimus» en Lingua Latina, Retórica e Poética e Xeografía. Neste curso levou o primeiro premio. Cómpre sinalar que para acadar un premio había que levar «Meritissimus» en todas as materias do curso e facer un exame. O 30 de setembro do ano 1931 fai o exame de Reválida no que leva a cualificación de Aprobado. Hai que dicir que na Reválida as únicas cualificacións que outorgaban eran as de aprobado ou suspenso.



Casa do Vilariño onde naceu Díaz Castro

No curso 1931-32, aproba o primeiro ano de Filosofía con «Meritissimus» en Lóxica e Ontoloxía, Gramática Alxebra e Nocións de Xeometría. No 1932-33, segundo de Filosofía con «Meritissimus» nas materias do curso: Cosmoloxía, Psicoloxía e Teodicea, Historia Universal, Historia de España, Perfección de Lingua Latina, Perfección de Lingua Española e Solfeo. No curso 1933-34, saca adiante terceiro de Filosofía con «Meiritissimus» en Ética e Socioloxía, Perfección de Lingua Latina, Perfección de Lingua Española, Física e Química, Historia Natural e Solfeo.

Comeza os estudos de Sagrada Teoloxía no curso 1934-35. Aproba primeiro con «Meritissimus» en Dereito Público Eclesiástico, Teoloxía Fundamental, Sagrada Escritura, Lingua Grega, Lingua Hebrea e Doctrina Social Católica e «Benemeritus» (hoxe, Notable-7) en Teoloxía Moral, Liturxia, Historia Eclesiástica e Patroloxía, e «Meritus» (hoxe, Ben-6), en Canto Gregoriano. No curso 1935-36,

aproba segundo de Teoloxía con «Meritissimus» en Sagrada Escritura, Teoloxía Dogmática, Teoloxía Moral e Historia Eclesiástica e «Benemeritus» en Patroloxía e Canto Gregoriano. En 1936, é mobilizado e ten que deixar o Seminario. Unha vez rematada a Guerra Civil, no curso 1939-40, volta ó Seminario que abandonará definitivamente a comezos de 1940.


Compañeiros de Díaz Castro no Seminario mindoniense, que compartiron con el aulas, recreos... a vida enteira no día a día, salientan varios aspectos da súa personalidade. Todos din que era coñecido coma «o poeta». Outro dos aspectos que subliñan é que era moi estudioso, moi intelixente e moi afeccionado á lectura. A súa facilidade para as linguas é outra das facetas que salientan os seus compañeiros no Seminario. En canto á súa forma de ser, din que era bo compañeiro, introvertido, moi metido en si. Salientan tamén a súa hombría.

Xosé María Díaz Castro xa comezara a escribir versos antes de ingresar no Seminario de Mondoñedo, pero vai ser aquí onde realmente, da man, sobre todo, de Aquilino Iglesia Alvariño e do profesor Fanego Losada, vai atopar o seu camiño como poético. O Seminario mindoniense tivo un gran influxo na vida e na traxectoria poética de Xosé María Díaz Castro. El mesmo o manifestou: *«Alí foi onde me perfeccionei eu, aprendín a escribir, aprendín a escribir en verso, e empecei a publicar... nun periódico de Vilalba, unha revista de Vigo... Para min, Aquilino foi o guía. Primeiro fomos compañeiros de estudio en Mondoñedo. Máis tarde, compañeiros de profesorado. E sempre o ademirei. Para min, foi un dos mellores poetas que produciu a nosa terra, e aínda o sigue sendo»*².

O primeiro poema de Xosé María Díaz Castro que viu a luz nunha publicación foi «¡Toma mi corazón» que apareceu, en maio de 1931, na revista de Lleida *Lluvia de Rosas*. No xornal *El Progreso Villalbés*, foi publicado, en agosto de 1931, «Lembranzas e sospiros», o primeiro poema galego publicado polo noso poeta.

² XIZ RAMIL, Xulio, «Xosé María Díaz Castro: Nimbos de poesía» en *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, ed. Asociación Cultural Xermolos, Vigo, 1987, páxina 162

Durante a súa estadia no Seminario vai escribir dous cadernos de poesía: *Follas verdes* e *Follas ô aire*. *Follas verdes*, que leva por subtítulo *Cantares e romances*, está datado o 23 de abril de 1934 e contén setenta e cinco poesías distribuídas en cinco seccións: «Follas perdidas» (dez poemas), «Lyra enxebre» (vinte), «Ditos e refráns» (catro), «As noites» (seis) e «Romances, baladas e pensamentos líricos» (trinta e catro). Leva tamén un poema introdutorio. Pola súa parte, *Follas ô aire*, datado o 19 de marzo de 1945, está composto por cincuenta e catro poemas repartidos en tres seccións: «Perversidade» (catorce composicións), «Ceguedade» (dezaioito) e «Aurora» (dezasete). Ademais, leva unha composición «Portada» e outra «Campanadas» que se repite ó comezo de cada unha das seccións. A maioría destes poemas están datados entre 1932 e marzo de 1935.



Cadernos escritos no Seminario

Estando no Seminario, segundo me manifestou, dirixe unha revista escolar manuscrita: *«Alí foi onde aprendín a escribir en versos e empecei a publicar. Lémbrome ben que, na miña época de estadia en Mondoñedo, dirixín tamén unha revista absolutamente manuscrita, feita toda por estudantes»*. Estaba a referirse á revista *Illuminare* que publicaba a Academia Misioneira San Francisco Xabier da que Díaz Castro foi o secretario e Iglesia Alvareño, o presidente.

Unha vez que deixa o Seminario, vai dar clases ó Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, onde está Aquilino Iglesia Alvariño con quen coincidira no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo. Alí bota sete anos. Ena 1946 acada o primeiro premio nos Xogos Florais de Betanzos en galego con tres sonetos titulados «Nascida d'un sono» e en castelán con «El cántico de la ciudad». En 1948, despois de licenciarse en Filosofía e Letras, vai para Madrid, onde imparte clases e exerce de tradutor no Ministerio da Gobernación. En 1952 pasou, como tradutor, ó Instituto de Cultura Hispánica. En 1966 ingresou no Instituto del Frío (máis tarde Centro del Frío), dependente do C.S.I.C., permanecendo ata a súa xubilación en 1983. Fixo tamén traducións para a editorial Aguilar.

O dez de agosto de 1954 casa, en Villarreal de Urretxu, con María Teresa Zubizarreta Bengoetxea, coa que ten tres fillos. En 1973, foi nomeado membro «correspon-dente» da Real Academia Galega. Non podía ser membro numerario por vivir en Madrid. Isto mesmo lle ocorreu a outros escritores coma Xosé Ramón Fernández Ojea, máis coñecido por Ben Cho Shey.



Díaz Castro e a súa dona

A súa muller finou o dezanove de outubro de 1988 e Díaz Castro regresa ó seu Guitiriz nativo e alí pasa os derradeiros anos da súa vida. Antes da súa morte visita o Seminario de Mondoñedo onde tiveron a sorte de estar con el e facerlle varias fotografías.

«*Chega o outono. (...) Oubea o vento*», escribiu Díaz Castro. E chegou o outono e oubeu o vento tan forte que, o dous de outubro 1990 no Hospital Xeral de Lugo, unha póla (Xosé María Díaz Castro) da árbore da chamada Escola Poética do Seminario de Mondoñedo esgazou e veuse abaixo cando os ventos levaban as primeiras follas

amarelas. Esa póla fora ferida uns anos antes –como el nos dixera– por un «infarctus myocardi».

Díaz Castro só publicou un libro de poemas: **Nimbos**. Sobre o título do libro díxonos: *«Moitos, incluso críticos, creron que Nimbos significaban esas nubes cargadas de auga, que anuncian choiva. Nimbos é o nimbo dos santos, a aureola que rodea a cabeza dos santos, unha aureola de gloria. E coma unha aureola que lles poñemos ás cousas para facelas resaltar máis»*.

A pesar do éxito da crítica que tivo o libro *Nimbos*, Xosé María Díaz Castro só publicou poemas soltos en diversas revistas, entre elas *Amencer*, a revista do Seminario de Mondoñedo. Isto foi, segundo nos dixo porque: *«Desde hai bastantes anos son autocrítico, e non me gusta publicar cousas que eu non vexa que teñen a altura suficiente para levalas á imprenta. Isto influíu, o ser esixente comigo mesmo»*.



Antonio, María, Serafín e José M^a
Díaz Castro

De todos os xeitos, aínda que, como queda dito, só publicou o libro *Nimbos* e algúns poemas en xornais e revistas, cómpre dicir que estamos ante un dos mellores poetas galegos e así é recoñecido polos críticos literarios e polos estudiosos.

Xosé María Díaz Castro forma parte, por dereito propio, da chamada Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. É máis, é unha das figuras máis senlleiras e sobranceiras da mesma.

Félix Villares Mouteira



Rotulou:

JAIME PERNAS LOZANO, 1º ESO

Á hora de facer a escolma da poesía de Xosé María Díaz Castro, optamos conscientemente por reproducir poemas ós que, agora mesmo, non é doado chegar. Sabemos que, dentro duns meses, verá a luz a Obra completa galega do noso poeta.

Nesta Escolma recolleemos os poemas publicados por vez primeira en *Amencer*. «Canto de outono» (conservamos o orixinal manuscrito) e «Terra Chá», viron a luz no número 25 (febreiro de 1985). «Noite d'inverno», «O fillo de Xan Pirico», «A balada da madrugada», «Incongruencias» e «O meu caudal» saíron no número 144 (novembro 1997)

Por último, reproducimos «Nascida dun sono», os tres sonetos cos que gañou o primeiro premio nos Xogos Florais de Betanzos.


a redacción

TERRA CHÁ

Vaise arrastrando a aurora
sobor da Terra Chá;
dous tordos invisibles
están chía que chía;
unha manta de néboa
quer afogar o día;
van caendo despidas,

unha que outra mazá;
nun mar da terra verde
anégase a mañá,
e céibanse a voar.
tras dunha noite fría,
cheos de orballo, os versos
do gran MANUEL MARÍA...

Outono, 1984



(CANTO DE...)

(2)

Todo, meu ben: todo o pasado vivo
 quer agora morrer nun raro encontro
 con esta herbiña nena, inesperada,
 como de cimiterio, que ergue un longo
 berro de vida no mortal silencio
 do piñeiral queimado, orfo de corpos
 e de música de aves, xa esvaídas.
 Están berrando as herbas; pro nós, xordos,
 tan sóio ouvimos vozes salgadas
 de anxos de lume que onte foron nosos.

Chega o outono, meu ben, o non rogado,
 pro de sutague chega como un soño
 de neno inda non nado, como un río
 de froles e de froitos
 de alcores que inda non prontamos nunca.
 Deus; qui outono é iste outono?

Canto iste verdear que non entende,
 que desfai as falapas do recordo,
 mentras a man dun anxo
 vén cementando rosas sobre a tumba
 dos nosos ~~os~~ soños mortos.

Xosé María Díaz Castro

Agosto, 1984

- NOITE D'INVERNO -

Noite d'inverno. Os camiños
fóxen por antr-os valados
coma corzos espantados...

Soledá, sombras e frío.
Xúnt'o picacho máis negro,
un home morto nun río...

Asubía un sapo infame
Laian os pinos... ¡Ouh noite,
a ti n-hai alma que te ame!

O latigazo da i-auga
boura na fraga perdida
hastra deixala despida...

Cantan na cociña os grilos.
Fungan os cas na lareira.
Cai zarrido da fumeira.
I-os dormen tranquilos.

As doce.- Unha voz no monte
berra, e non hai quen-a escoite..
Que mouroa é a alma da Noite,
o pousarse no hourizonte!

A Forma se desparrama
e bórra-se n'un segundo..
E queda, amasada na lama,
a Masa bruta do mundo.

As doce. A hóra dos mórtos.
A hora en que van pasando
fantasmas, de cando en cando,
polos camiños retortos...

Xéme o vento. Xeme o río.
As doce. Chóve e fai frío.
Dame a tua man, Dios mío
teño medo, Dios eterno,
teño medo que me corte
a fouce mouroa da Morte
n'esta gran noite d'inverno!

O FILLO DE XAN PIRICO

O fillo de Xan Pirico
é un cativo orixinal,
qu'é capáz d'estar mangado
todo o día, coma un pan.

Tén uns ollos rechouchudos,
i-é roibiño de color.
Pro contan qu'é algo tonto
-¡vallame Noso Señor!-

Onte, ô vel-o acurruchado
alí detrás d'un valado,
dixén-lle: -¿Qué fas ehí?
Y-el respondeume pasmado:
- Estou mirando pa tí...

A BALADA DA MADRUGUEIRA

Nena que recolles froles
baixo a frescura da i-alba,
corre que corre, lixeira,
coma belaiña branca:

Inda no ceio hai estrelas,
inda lonxe os galos cantan...
¿Cómo saliches tan cedo
a coller flores de prata?

Ti que eres fror medio abérta,
gárdate, nena, e non sallas
a esas horas a cortar
lirios e lilas e dalias.

¡Ai, flor noviña e sinxéla,
que vai levarte a xeáda!...

INCONGRUENCIAS

Santamente o tío Antón
chantou na terra o arado.

El foi fendendo o chán morno,
suco arriba e suco abaixo.

Era non témpo mainiño
da sementeira dos nabos

De repente aló no céio
resonou un trono bárbaro.

Veuse a i-auga. A toda présa,
él dexonguéu os seus xatos.
Cascou pra casa, e na terra
deixóu o arado chantado.

O arado ô vintimperio
está alí xa hai medio ano.
I-agora preguntou eu:
¿qué crimen fixo este arado?

O MEU CAUDAL

De vender unha xovenca
que me déra tres mil rás,
alegre eu viña da feira
n-unha noite sin luar.

Viña amodiño, apertando
contr'o peito, con afán,
aqueles santos diñeiros
que sacara do animal.

Eran as doce da noite.
Un raposo no bouzal
gargoleaba, e na veiga
cacarexaban as rás.

Enfieime polo porto
do «Muiños do Pinar»,
i-asubiando baixiño,
metín-me na escuridá.

Levaría dúas horas
de xornada sin parar,
cando no camiño fondo
distinguín un ruxibán.

¿Sería a i-auga dun règo?
¿Sería o brinco d'un cán?
¿Un balado que caera?
¿Unha ramalla quezais?

De sopetón vin moverse
un bulto negro, unha máu...
(Máis eu daquela era un mozo
i-era valente ademais)

Diante de mín, dous homázos
berran con berro infernal:
- ¡Alto ehí! ¡Veña a carteira,
ou te partimos, rapás!

Eu levéi a mán ô peto

pra sacar «o meu caudal»,
e dixen-lles deste xeito
con guapa serenidá:

Traigo cinco pesos sólos,
que non púiden ganar máis:
Cinco pesiños redondos,
pro son de promo... ehí vos ván!

E cuspín-lles cinco balas
co meu trabuco... ¡Pim, pám!

NASCIDA DUN SOÑO **Tríptico á groria da betanceira**

I

Vén aos meus versos como vas á feira,
cantando e rindo ao vento das Mariñas.
¡Ven, puño de cereixas, cristaíñas,
entra no meu soneto, betanceira!

Como esborrexen pola carballeira
as anduriñas tras das anduriñas,
brinca anduriña, polas rimas miñas
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e com preto
cos iambos dos teus pasos donaireiros,
co lume dos teus ollos tan profundo,

eu ceibarei ao vento o meu soneto
pra que o teu nome suba antros loureiros
astra ás estrelas, perfumando o mundo!



I

Pisei a sombra viva dos guindeiros
e pidinlle auga fresca. Pero a garrida



doume unha auga tola i acendida,
i empezou a falar... Ai betanceiros,

¡que ollos aqueles, soles verdadeiros,
dúas espranzas pra unha sola vida!
¡Que ofrenda a porzolana repolida
das mans, feitas pra tronos ou mosteiros!

¡I aquel falacio ardente cal non fora
un despertar de melros sob a aurora
i aquel fuxir xogando de anduriña!

Cantade ao sol i ao mar, porque podeades,
vós os que arades i os que tendes redes.
¡Que aguinaldo dou Deus aos da Mariña



¡Variña de avelairo, pra ti fora
cativo o bronce i a palabra escura,
noiva a tecer damascos de ternura,
nai, santa nai que canta cando chora!

¡Náceche o sol nos ollos a cadora,
enterrouse en ti o sol astra a cintura!
¡Boca pra un anxo, ai Deus, guinda madura!
¡Ai Deus, surrisa aberta como a aurora!

¡Sal do Poema xa, céibate á ría,
da Vida, corpo enteiro da alegría,
pés voandeiros, corazón sin lixo!

¡Así, sin versos, para que eu te queira,
ti, nascida dun soño, betanceira,
coma a permeira estrela que Deus fixo!



Xosé M^a Díaz Castro




... que o pasado día dezanove de febreiro, co gallo de cumprírense ese día os cen anos do nacemento de Xosé María Díaz Castro, tiveron lugar varios actos na localidade de Guitiriz.

... que a Exposición titulada «Nimbos de luz», que se inaugurou en Guitiriz o pasado día dezanove de febreiro, vai estar no Seminario de Mondoñedo do un ó vinte e oito de agosto. Está organizada pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. da Xunta de Galicia. Durante este ano vai percorrer quince localidades de Galicia: Guitiriz, Vigo, Cerceda, Santiago de Compostela, A Estrada, Redondela, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Lugo, Ourense, A Rúa, Cee, Celanova e, como queda dito, Mondoñedo.

... que outro dos actos previstos, con motivo do Ano de Díaz Castro, vai ser a presentación do número 225 de *Amencer*, dedicado por enteiro ó poeta do Vilares. Terá lugar o día tres de abril, ás oito da tarde, na Sala «Losada Quiroga» do Seminario.

... que o Seminario tamén vai organizar outros actos en homenaxe a Díaz Castro: a presentación do libro coa súa obra poética, a presentación do libro *José María Díaz Castro. Vida e obra* de Armando Requeixo, unhas conferencias, etc. Estes actos terán lugar en datas aínda por determinar.

a redacción



Rotulou:

JAIME PERNAS LOZANO, 1º ESO

“*Nimbos* é unha colleita de varias décadas. Son versos que el foi labrando con vagar”

“En privado e en público ten acreditado que o seu tempo no Seminario foi decisivo para medrar como persoa, e tamén para fornecerse de ferramentas para tecer unha obra literaria tan prodixiosa”



Alfonso Blanco Torrado (Montevideo 1950) é sacerdote encargado de varias parroquias da zona de Guitiriz e coordinador da Asociación Cultural Xermolos. Tratou moito a Díaz Castro nos derradeiros anos da súa vida.

- ¿Cando e como coñeceu a Xosé M^a Díaz Castro?

- Coñecin primeiro a súa obra, *Nimbos*, e xa a remates dos 70, ó seu autor. No teologado de Mondoñedo en Salamanca abrollou unha fervenza de atención ó devir cultural e social de Galicia, que pasaba pola lectura das e dos grandes da nosa literatura. Tiñamos un depósito de libros para vender... Este espertar concientizador débese en boa parte ó voso mestre, Félix Villares, senlleiro galeguista. Alí lin *Nimbos*. Destinado coma crego a Guitiriz (1976) busquei a súa presenza. Costoume porque Díaz Castro vivía en Madrid, e non tiña contacto coa xente aquí. Ata un verán que alertado polos veciños, sabedores da miña intriga, din con él no seu Vilariño, e principiou unha amizade que medrou decote. Xa sabes que a literatura e a cultura

en xeral non son apreciadas, e para a xente de Guitiriz Díaz Castro non existía daquela.



Díaz Castro cando era novo

- ¿Cómo definirías a personalidade de Díaz Castro?

- Unha persoa agradecida coa vida. Vivía cada xornada coma un galano que tiña que compartir cos demais. Emporiso era tan cordial na escrita e coma persoa,

consciente da oportunidade que lle deran: «Poeta ou non, eu cantarei as cousas/ que na soleira de min mesmo agardan. /Alumarei con fachas de palabras, /ancho herdo meu, o mundo que me deron». Vivía cada día coma un don. Era moi humilde e sinxelo. Gustaba de falar cos nen@s e a mocidade, e ó xeito de Francisco de Asís, arrincaba coa palabra a luz que garda cada criatura. Na liña dos poetas da Terra Chá promovía coa súa arte poética as cousas máis pequenas... Totalmente afastado da prepotencia e das tiranías.

- ¿Que destacarías da súa obra?

- O seu afán de perfección ata chegar ó nivel cimeiro de *Nimbos*. Temos que remarcar varios trazos: a súa fonda relixiosidade que evolucionou dende a máis confesional e devocional dos primeiros cadernos, ata a mística de *Nimbos*, que o converte nun dos autores que insinúan a Deus

con máis emoción, ó xeito de San Xoán da Cruz. Outro dos filóns do seu corpo poético é o amor á Natureza, dende as cousas máis miúdas, quizais un dos enfoques que aprendeu na Escola Poética do Seminario de Mondoñedo... Amaba moito a Galicia, sobre todo a rural na que el naceu.



Seminario de Mondoñedo

- ¿Cres que era expresivo na súa obra?

- Acadou a expresión máxima, de tal xeito que é capaz de producir varias lecturas emocionais diferentes e provocar a atención desta sociedade plural na que convivimos. Depuraba moito a súa obra e refugaba os sobresaltos que prexudicaban o

ritmo, harmonizando a expresión literaria e a mensaxe que quería transmitir, porque para el as artes sempre tiñan que comunicar algo.

- ¿Estaba satisfeito coa súa obra?

- Sí, eu escoiteille no leito da morte, no Hospital de Lugo, este testamento: «din que son un dos mellores poetas vivos...». Isto na súa humildade e timidez vitais, e no momento que o dixo, acredita a veracidade da súa impresión derradeira, porque para el a poesía era un xogo e endexamais se valorou coma merecía.

- ¿ Como valoras que lle dediquen o Día das Letras Galegas?

- Unha oportunidade para disfrutar da súa conducta exemplar e da súa valía coma escritor e devolver ó pobo un dos seus grandes vates, moito tempo esquecido. O Seminario

de Mondoñedo, e sobre todo *Amencer*, levan anos reivindicandoo para el e para outros: Crecente Vega, etc, Cómpre agradecer a Félix Villares o esforzo por abrírnos as esencias de tantos poetas que se forxaron neste centro, a través de publicacións tan rigorosas. É un agasallo para Galicia, porque nesta hora de desánimo e crise, dános alento para loitar e denunciar as ignominias, e cito uns dos derradeiros versos que escribiu: «Tódolos mórtos de Galiza, ergueitos,/ xa protéstan a bérros pola terra perdida,/ polas casas envóltas en silvas e feitos,/ polo sangue zogado dunha eterna ferida».



- ¿Cres que isto vai servir para que se coñeza máis a súa obra?

- Sí, porque está a sentirse unha necesidade urxente de ferramentas para coñecelo, sobre todo nos centros de ensino e nos colectivos culturais. Están a realizarse moitos documentais, videos musicais, libros, exposicións, etc.

- ¿Que supón a súa obra para Galicia?

- Nesta hora de globalización, Díaz Castro axuda a facer pé nas raíces de cadaquén. Algo necesario para navegar polas redes e non dispersarse. Somos o que somos gracias á paisaxe ou á familia na que vemos a luz primeira. El despois de estar máis de 30 anos na capital, 7 en Vilagarcía coma mestre..., seguíu sendo fiel á Nai Terra que o axudou a facerse home, valorando a paisaxe e a cultura

labregas con máis categoría cá urbana. Despois de coñecer máis de 14 idiomas europeos, seguíu expresándose na fala que mamou... Todo isto axúdanos a abrírnos ós outros pobos e culturas porque sabemos agradecer o noso propio.

- ¿A que cres que foi debido que non publicase máis que *Nimbos*?

- *Nimbos* é unha colleita de varias décadas. Son versos que el foi labrando con vagar. Impactoulle a acollida de Otero Pedrayo, Risco, Anxel Fole, Carballo Calero..., e outr@s. Creía que non podía compartir nada mellor. Por outra banda, vivía moi atarefado co seu traballo de traductor no Instituto de Investigacións Científicas, e polas noites queimaba os ollos facendo versións para editoriais privadas. Mantíñase illado dos círculos literarios ata que retornou a Guitiriz nos 80.

- ¿Cal é o poema de Díaz Castro que máis che gusta?

- Tiña que citar todos... *Nimbos* é un libro moi organizado, e comeza a epígrafe «Lus» cun poema que é a síntese da súa arte poética e da súa filosofía, «Esmeralda»... Con este título xa adianta algo marabilloso: «Herba pequerrechiña/ que con medo sorrís/ ó sol que vai nacendo/ e morrendo sen ti/ ¿por que de ser pequena/ te me avergonzas ti?! ¡O Universo sería/ máis pequeno sen ti!». Coma outros versos de Díaz Castro, transmiten saúde, autoestima para as criaturas máis febles... Está a valorar os tesouros que agocha cada persoa, mesmo dende un Deus para quén tod@s somos imprescindibles e necesarios.

.- ¿Como influíu na súa vida e na súa obra o seu paso polo Seminario?

- Foi fundamental, aquí atopou a cerna da súa poesía, pola formación con profesores e sabios coma Francisco Fanego, e tamén polo encontro con Iglesia Alvariño que o animou na súa creación e compartiu con el a súa relación con Noriega, Crecente, Cunqueiro, etc. Fixo amigos na cidade coma Díaz Jácome, Germán Palacios, Trapero Pardo...

- ¿Como lembraba o seu paso polo noso Seminario?

En privado e en público ten acreditado que o seu tempo no Seminario foi decisivo para medrar como persoa, e tamén para fornecerse de ferramentas para tecer unha obra literaria tan prodixiosa. O seu humanismo abrolla da súa formación alí. Adquiriu valores que o fixeron un home bo e xeneroso: a súa relixiosidade, o hábito e disciplina de estudio, o amor polas linguas... No seminario naceron as amizades que o

acompañaron sempre, ata en Madrid.



Seminario de Mondoñedo

- ¿Como estades a preparar desde Xermolos o Día das Letras Galegas?

- A varios niveis, porque non queremos que a súa poesía se peche nos centros de ensino ou culturais, nas administracións ou nunha élite máis ilustrada... Dende o primeiro día integramos unha xuntanza co concello e os centros de ensino. Estamos a achegarnos a todos os veciñ@s. Imos ás festas, feiras, eventos deportivos..., e facemos recitais con lectoras e lectores voluntarios, e espallamos os seus poemas multicopiados no

medio da xente. Reeditamos un cómic, unha fotobiografía..., e estamos colaborando con institucións e asociacións de todo o país e de fóra: a mostra que vai achegarse a Mondoñedo en agosto, libros colectivos, etc. Aínda que este sexa o Ano de Díaz Castro, nós imos seguir retornando a él coma un facho aceso que nos guía, sobre todo nestes anos con tantas sombras no terreo político, social, etc. Arredor do Festival de Pardiñas do que era un entusiasta, dedicaremoslle o XXXV Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil, a Mostra de Artesanía, onde van traballar artesan@s sobre a vida e a obra do poeta, concertos de música, unha semana de cine dedicada ás curtas e documentais que están a facerse del, unha mostra de fotografías creadas pol@s alumnos do Ies de Guitiriz, etc.

- ¿Podes contarnos algunha anécdota de Díaz Castro?

- Vou lembrar algo que contou á vosa revista (*Amencer*, nº 82), Xosé Díaz Campos, de Belesar, coengo da Catedral de Mondoñedo. Díaz Castro era «de amena e erudita conversación, de mirada un tanto socarrona e cun gran sentido do humor. Aínda que era bo observante da disciplina, gustáballe tomar parte nas pequenas trastadas que animaban a nosa monótona vida estudantil... Lembro unha anécdota del no Seminario. Un día preséntase na formación antes da clase coa cara a medio afeitar e dime polo baixo cando cheguei xunta del: - «o toque de campá é a voz de Deus e hai que obedecerlle inmedia-

tamente: se estás a medio afeitar, deixas a outra metade por afeitar. Aquí te-lo exemplo». E ensinoume a metade da cara perfectamente afeitada e a outra metade sen afeitar».

- **¿Queres engadir algo?**

- Agradecer, polo voso medio, a tantos formadores, mestres, que nestes séculos sementaron nos seminaristas de Mondoñedo esta ansia de beleza, xustiza, amor polo máis pequeno, compromiso co rural..., xerando escritores e homes nobres coma Díaz Castro.

ERNESTO BARRO JIMÉNEZ, 3º ESO
DANIEL DÍAZ VILLAMEL, 3º ESO
JAIME PERNAS LOZANO, 1º ESO

*Xosé María Díaz Castro e
Alfonso Blanco Torrado, na
Praza Maior en Lugo*



Foto de Carlos Rodríguez



Rotulou:

DANIEL FERNÁNDEZ VILLAMEL, 3º ESO

MI RECUERDO DE DÍAZ CASTRO

Enrique Cal Pardo

El recuerdo de aquellas navidades de 1935-1936 está ya muy difuminado en mi mente. Fueron ciertamente muy significativas en mi vida. Fueron las primeras navidades que pasé fuera de mi casa, fuera de la compañía de mi familia. Esto a la luz de nuestros días, parece ya inconcebible. Pero así era en aquellos tiempos. Todavía tuvieron que esperar unos cuantos años los seminaristas para poder disfrutar con la familia de las fiestas navideñas. Dos circunstancias me quedaron, no obstante, profundamente grabadas de aquellas navidades. Fue la primera el nombramiento del obispillo del día de los Santos Inocentes. Elviro fue el designado por ser el más joven de todos. Pero el obispo tenía que ir acompañado por un secretario. Y como yo era de los más pequeños en estatura –creo que no en años-, tuve la honra de acompañar al obispo a todas partes. Incluso fuimos al coro de la Catedral, para dar a entender que, en realidad, el obispillo era el que ese día tenía mando en plaza. La otra circunstancia, que no olvidé nunca, fue la asistencia por primera vez al salón de actos para presenciar la representación que hacían los mayores de una obra teatral, de la que recuerdo exclusivamente el título: «Ir por lana y volver trasquilado». Pero aquí llega lo más importante. En un entreacto de la comedia subió al estrado un teólogo, de buena presencia y clara voz. Sin previa presentación, porque todos, a excepción los de la última hornada, conocían a Aniceto, empezó así: Tengo el gusto de recitar un poema de una poeta «que cobijamos». Claro que yo no sabía lo que significaba cobijar; pero lo importante no fue eso, sino el hacer ver que decir «poeta que cobijamos» equivalía a decir José Díaz Castro. Él era al que todos llamaban «el poeta», el poeta que «cobijamos», el poeta por excelencia «cobijado» bajo los techos y entre las paredes del seminario. Y ese fue mi primer conocimiento de la existencia de José Díaz Castro y de su apelativo de «poeta».

Pasaron unos azarosos meses del año 1936 y llegaron las vacaciones. Con el comienzo de éstas, coincidió el inicio de la guerra civil, que para mi significó poco; pero para la mayoría de los seminaristas significó la interrupción de los estudios y, en bastantes casos, el cambio total de rumbo en la vida. Nuestro poeta tuvo que incorporarse a filas y cambiar las rutas del parnaso y de las noches embrujadas, por unas noches al aire libre, con frío gélido muchas veces. El Seminario estuvo ocupado por los heridos en el frente de Asturias y no pudo dar comienzo el curso hasta el 25 de enero del 1937. Los alumnos éramos todos de los primeros cursos. Parecíamos huérfanos. De vez en cuando llegaban algunos alumnos mayores que venían a recibir sagradas Órdenes; otros, porque habían quedado heridos (perdido un ojo). Un día, sin saber porqué sí ni porqué no (en voz baja se decía que estaba enfermo), llegó el poeta a pasar una temporada. Como no había más clases que las de los primeros cursos, no tenía que hacer. Pero pronto le encomendaron un trabajo. Se proyectaba hacer una veladita y, para bien ser, era preciso representar una pequeña obra teatral. He ahí su trabajo: buscar una obra adaptada a la chiquillada del Seminario. Le pareció bastante asequible la titulada «El pavo robado». Se lo comunicó a la superioridad, que aprobó la obra y, en consecuencia, le mandaron elegir unos cuantos alumnos y empezar a ensayarla. Así lo hizo una temporadita. Ya casi la teníamos lista. Pero he aquí, que un día faltó al ensayo y se empezó a decir que había abandonado el Seminario. Los que estábamos en la lista de «actores», no lo creíamos. Nos engañaba el ansia de representar la obra, que ya casi sabíamos de memoria. Pero, al cabo de unos días nos enteramos de que su marcha era un hecho definitivo. Incluso corrió la noticia de que había marchado para incorporarse, como profesor, a la Academia que en Villagarcía de Arosa tenía otro poeta ex-alumno del mismo Seminario: Aquilino Iglesia Alvariño. También se dijo, y esto parece cierto, que la obra de «El pavo robado» tenía como protagonista a una mujer y que él tuvo que cambiar su estructura para sustituirla por un hombre, y así hacerla apta para seminaristas. Y esto nos hizo pensar en el trabajo enorme que supuso cambiar toda la trama de la obra. En aquellos días, por lo tanto, tuvo que volver a las cimas del parnaso. Lástima que yo no haya conservado mi papel para darme cuenta del número de versos que había tenido que cambiar. Más tarde llegué a enterarme de que había conseguido el primer premio en el certamen de los «Juegos Florales de Betanzos». Supe también que tenía comunicación epistolar bastante frecuente con un profesor del Seminario. Que la dedicación del Día das Letras Galegas de este año, a su persona y a su obra, contribuya a conocer con profundidad su producción poética, como se merece.

OS ANOS MINDONIENSES DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Armando Requeixo

Xosé María Díaz Castro ingresou no Seminario de Mondoñedo con quince anos. Procedía da lonxincua aldeíña do Vilariño, nos Vilares de Parga, nun termo municipal que hoxe coñecemos como Guitiriz e que daquela chamaban aínda Trasparga.

Naquelas terras fixera os seus estudos primeiros, onde xa salientara como un alumno aplicado, especialmente talentoso para as cuestións da escrita, o que acabou por decidir a seus pais a enviálo ao seminario mindoniense.

Corría o derradeiro cuadrimestre de 1929 cando ingresou como alumno interno para realizar o primeiro curso de Latín e Humanidades.¹ As causas do ingreso foron, con certeza, o desexo paterno de que o rapaz se formase nun centro referencial coma entón, e por moito tempo, o foi o seminario mindoniense e, tamén si, a conveniencia de guiar os pasos daquel seu fillo que, pola súa facareña saúde, non resistiría con ben os durísimos labores labregos. Amais, a intelixencia demostrada polo mocío desaconsellaba desperdiciar tal talento.

Agora ben, hai unha outra causa poderosa que estivo presente na decisión paterna do ingreso. O propio Díaz Castro confesouna moitos anos despois nunha entrevista:

Na miña familia había unha tradición, xa anterga, de curas... E unha grande relixiosidade. A constante confluencia acabou por determinarme. Eu non sabía se había ou non había vocación, pero deixei arrastrar polos cariños familiares. Foi máis tarde, ben máis tarde, cando me din conta de que aquel non era o meu camiño.

Xiz Ramil 1987: 162

¹ Esta e outras informacións do seu expediente académico aquí aludidas poden lerse en Villapol Iglesias 1985 e Lorenzo Toimil 1990.

Por tanto, na idea de don Isidro, seu pai, pesaba a posibilidade de ter un fillo crego, mais o destino chamaríao por outros vieiros, aínda que aquela súa estancia como seminarista acabou sendo determinante para el.

No Seminario Díaz Castro vai brillar como alumno avantaxado. O seu expediente consigna que en 1929-1930 superou o primeiro curso de Latín e Humanidades, pero xa o 27 de xuño de 1930, nos exames extraordinarios, aprobou tamén segundo. Logo, no curso 1930-1931, tamén como interno, realizou o terceiro curso de Latín e Humanidades, no que alcanzou como alumno a distinción de Primeiro Premio do Curso. Ao remate deste terzo curso, o 30 de setembro de 1931, aprobou a Reválida, polo que en 1931-1932 estudou xa primeiro de Filosofía, segundo en 1932-1933 e terceiro en 1933-1934. Pois ben, en todas e cada unha das materias de todos os cursos a cualificación foi idéntica: *meritissimus*, o que hoxe chamariamos sobresaínte.

O remate dos seus estudos produciuse despois de cursar primeiro de Teoloxía en 1934-1935 (con *meritissimus* en todas as materias agás Teoloxía Moral, na que recibiu un *benemeritus*, hoxe notable, e mais un *meritus*, hoxe un ben, en Canto Gregoriano) e segundo en 1935-1936 (con todo *meritissimus* excepto o *benemeritus* de Patroloxía e, novamente, Canto Gregoriano). Neste último ano, con vinte e dous anos cumpridos, abandonou o Seminario para cumprir co Exército, non regresando ás aulas mindonienses ata o remate da Guerra Civil, xa andado 1939.

Nas aulas de Santa Catarina trabou fonda amizade con algúns compañeiros que conservou toda a vida, como Jesús Castro Prieto, veciño do Buriz, ou Antonino Roca Roca², de Santa Mariña de Lagostelle, ambos os dous conterráneos guitiricenses e o último tamén ocasional poeta natalicio para as celebracións da súa parroquia.

² Ao falecemento de Antonino Roca, en setembro de 1997, apareceron entre os seus papeis uns poemas en galego de *Follas verdes* (vid. infra), que foron exhumados no número 144 da revista *Amencer* dese mesmo ano.

Ben pronto foi recoñecido e admirado por todos os seus compañeiros como un alumno excepcional e pasaron rápido a alcumalo 'O Poeta', sabedores da súa querenza pola escrita de versos. Todos os seminaristas que compartiron con el aqueles anos coinciden no seu retrato. Atilano Rico Seco, crego castrense, lembrábo así:

Xosé María Díaz Castro era un rapaz moi estudioso e moi intelixente, bo compañeiro, introvertido, moi metido en si. Era daquela o xerme dun gran poeta. Todos lle chamabamos 'o poeta'. Os seus tempos de ocio adicábaos á poesía. Era moi bo latinista: na clase de Latín era o número un (...) Da súa personalidade destacaríaa tenrura, a delicadeza, a boa educación, a comprensión.³

Coincidía no recordo o párroco do Valadouro Eulogio Fernández Murias, compañeiro de clase de Díaz Castro, quen o traía á memoria como «moi estudioso e moi bo compañeiro», destacando na súa personalidade «a súa hombría». E tamén opinaba cousa semellante Xosé Díaz Campos, cóengo catedralicio mindoniense, que o vía como «bo estudante, intelixente, sinxelo e humilde, excelente compañeiro, de amena e erudita conversación, de mirada un tanto socarrona e cun gran sentido do humor».



Díaz Castro con Antonino Roca e Castro Prieto

O xa amentado Xesús Castro Prieto, que foi logo capelán do Asilo de Piñeiros, pretiño de Ferrol, fixo del un recordatorio ben completo:

³ Tanto este coma os seguintes retratos foron tomados da sección «Opiniós» do especial que a revista mindoniense *Amencer* lle dedicou no seu número 82 do 25 de novembro de 1990 ao autor.

O amigo Xosé María Díaz Castro era coñecido no Seminario cariñosamente (porque o merecía) como 'O Poeta'.

Distinguíase pola súa afabilidade e finura. Atento a tódalas preguntas e intervencións dos demais, detíase pouco a pensar para da-la resposta oportuna, coa tranquilidade que nel era habitual.

Máis dunha vez era consultado por algún compañeiro por algún punto da lección do día, quen recibía sinxelamente a oportuna contestación coa que, sen dúbida, o interesado estaba disposto e preparado para afronta-lo «Diga Vd. fulano...».

Dos seus estudos para as clases diarias, aínda lle quedaba tempo para a poesía, tanto dalgunhas lecturas como de composicións, especialmente en galego, como faría toda a súa vida. Entre as súas lecturas, moitas veces mencionaba a Lamartine. Como amigo poeta figuraba como tal Aquilino Iglesia Alvariño, tamén seminarista. E como amigo inseparable, no Seminario e durante toda a súa vida, tivo a Xabier Armada Abella, de Cariño.

Pero o retrato máis acabado do que foi o Díaz Castro seminarista, das súas vivencias discentes e das experiencias compartidas con outros alumnos, ofreceuno Germán Palacios, tamén condiscípulo seu e logo catedrático de Francés no Ensino Medio, tradutor ao castelán e galego de Flaubert e Stendhal, entre outros. Velaí a magnífica fotografía literaria do profesor mindoniense:

Había daquela nos cursos de Latín e Humanidades dous grupos de alumnos que sobrepasaban o 50% do total dunhas clases que rondaban a 'ratio' ideal profesor/alumno duns trinta por clase, o cal permitía que todos nos chegásenos a coñecer, pois había moitas ocasións de mostra-las cualidades que cada un posuía. Estes grupos maioritarios estaban formados polos alumnos procedentes da zona de Ferrol e os que viñan da Terra Cha. Díaz Castro era destes últimos. Os que coincidimos con el e tivemos a ocasión de escoitalle recitar fragmentos de Horacio ou de Virxilio ou os exemplos do texto de Retórica e Poética, que como *pensum* diario esixía don Francisco Fanego na clase, vimos inmediatamente en

Díaz Castro o alumno brillante, cunha grande sensibilidade estética, que despertou a nosa unánime admiración e a quen queríamos parecernos. Moitos, na nosa inxenuidade infantil, preguntabámonos cal era o segredo de tal excelencia e mesmo chegabamos a pensar que, co tempo e co estudio, quizais o igualáramos; outros, máis escépticos ou quizabes máis realistas, opinaban que ese era un don das Musas, que elas reparten ós seus elixidos. Era esta unha convicción moi extendida entre os estudantes de Latín e Humanidades; por iso, cando xurdía algún con aquelas dotes excepcionais, era considerado polos demais como un ser superior, a quen se lle debe respeto, admiración e mesmo unha especie de culto.

Isto ocorreu cando nos enteramos, moi axiña, de que Díaz Castro, o noso compañeiro de clase, escribía versos, como dicíamos na nosa linguaxe escolar. A merecida aureola que lle fixeramos escoitando as súas intervencións nas clases, gañou brillantez ó coñecer esta nova faceta da súa gran personalidade. Eu sentíame moi orgulloso de ser seu condiscípulo, miraba con atención a ventá do cuarto que ocupaba na ala este que daba ó patio interior do Seminario e, cando o vía vestido do roupón pardo e beca vermella saír de paseo, mostrábo ós compañeiros e ós amigos. Aqueles eran os ídolos forxados pola nosa imaxinación infantil cos que moitos desexabamos identificarnos. Reinaba daquela no Seminario un ambiente propicio para fomentar vocacións literarias que saían á luz nos actos académicos celebrados co gallo das grandes festividades.

Díaz Castro foi, durante algún tempo, a máxima figura literaria do Seminario de Mondoñedo, sucedendo nese 'liderazgo' ó outro egrexio poeta Iglesia Alvaríño.⁴

Así pois, foi no Seminario, e dende a primeira hora, que Díaz Castro se sentiu xa, definitivamente, poeta, posto que aquelas aulas aconchegáronlle o acubillo propicio para a súa dedicación, o «ambiente estimulante para a poesía» que el procuraba (cfr. Xiz Ramil 1987: 161).

⁴ En termos semellantes volveu expresarse en Palacios 2007.

A ese ambiente estimulante axudaron, decididamente, por unha banda o se atopar nunha casa de longa e admirable tradición literaria e, doutra, as amizades poéticas e intelectuais que Díaz Castro estableceu entón.

Cómpre non esquecer que, antes do de Guitiriz, desfilaran xa polas aulas da antiga institución dende os mestres da Escola dos Cantores do Nadal (velaí Antonio María de Castro e Neira, Luís Corral Rodríguez ou Xacinto Romualdo López) ata Antonio Noriega Varela, pasando por Nicomedes Pastor Díaz, Manuel Leiras Pulpeiro ou Xosé María Chao Ledo, aos que habería que sumar aínda Xosé Crecente Vega (lixieiramente maior que Díaz Castro) e o que sería o seu máis admirado compañeiro e amigo, Aquilino Iglesia Alvariño.⁵



Aquilino Iglesia Alvariño

Por tanto, cando Díaz Castro asegura que «alí foi onde me perfeccionei eu, aprendín a escribir, aprendín a escribir en verso» (Xiz Ramil 1987 *ibídem*), hai que entender que era o exemplo de todas aquelas grandes voces do pasado o que lle serviu de guía, pois todos eles eran autores reverenciados e mesmo lidos e estudados nas aulas da institución. Neste sentido, debe recordarse que o vello profesor e latinista Francisco Fanego Losada, cando impartía as

⁵ Para unha caracterización global e diacrónica de todos os autores mindonienses pode lerse o meu libro *Escritores mindonienses*, Concello de Mondoñedo/Sociedade Cultura Valle Inclán-Esquío, 1998. Para o que ten dado en chamarse Escola Poética do Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo ou Escola Literaria Diocesana ou mesmo Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol son imprescindibles Villares Mouteira 1997 e 2011. Á parte, monograficamente é fundamental a consulta das seguintes fontes para determinados autores: Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela. Estudio e Edición da Obra Completa*, Lugo, Deputación Provincial, 1994, 2 vols; Luciano Rodríguez Gómez, *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo, Deputación Provincial, 1994 e Xosé Crecente Vega, *Folla Bricia. Poesía galega completa*, edición crítica e estudo de Ricardo Polín, Santiago, Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro, 2002.

súas clases diarias de Retórica, Poética e Latín, non só se servía dos seus sempre idolatrados Horacio e Virxilio, senón que tamén daba cabida nelas aos versos de Noriega Varela tan presente logo nos primeiros ensaios poéticos do guitiricense, como teñen testemuñado varios dos que o coñeceron.⁶

E foi neste tempo cando se produciu o encontro entre Iglesia Alvariño e Díaz Castro, sendo o primeiro un alumno veterano cando en 1929 Díaz Castro era aínda un novato. O autor de *Nimbos* dedicou todo un artigo á súa estreita e fraterna amizade co abadinense⁷ onde lembraba, así, como se coñeceron:

Lémbrome agora do que eu considero como o primeiro encontro con él. Nunha porta do claustro acercouse a mín e escomezou a preguntarme cousas. —»¿Cantos irmaos sodes na túa familia?» —Catro. —Igoal que na miña. E entre vós, ¿hai dous nados dun vientre? —Non. —Pois entre nós, si. Teño entendido que che gusta escribir poesía. ¿Por qué? —Non o sei. Góstame desque empecéi a ler e escribir algo na escola.

Dende aquel mesmo intre fixéronse amigos inseparables polos corredores do Seminario e, tamén si, fóra del. E foi da man de Iglesia Alvariño da que Díaz Castro ía coñecer, en persoa, a Noriega Varela,

⁶ Deixouno escrito, por exemplo, Aquilino Iglesia Alvariño, «Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña», *Faro de Vigo*, Nº Especial Conmemorativo do Centenario (1853-1953), 1953, p. 163. Pero tamén aludirían a este feito outros, poño por caso, Manuel Suárez Serantes, «Evocación de Aquilino en el Seminario de Mondoñedo», *La Noche*, 1-8-1961. Compre salientar, amais, que o profesor Fanego Losada tivo en Díaz Castro un alumno dilecto, como el mesmo se encargou de lembrar poucos anos máis tarde:

Cuando era alumno de Literatura Preceptiva, reveló sus excelentes facultades poéticas en los ejercicios de composición que periódicamente se practicaban bajo la dirección del profesor de dicha asignatura. Desde entonces era indefectiblemente solicitada su cooperación para el mayor realce de las veladas literarias que se celebraban en el mencionado centro docente.

Fanego Losada 1946

⁷ «Iglesia Alvariño na miña lembranza», *Xermolos*, 16, maio de 1986, pp. 12-15. Este traballo foi logo reproducido en *Dorna*, 11, xaneiro de 1987, pp. 115-117 e atópase tamén en <http://www.poetadiazcastro.com/>.

a quen foi presentado polo de Abadín un xoves outonal do ano 30 á saída da misa da Igrexa dos Remedios de Mondoñedo.⁸

Recapitulemos: un mociño Díaz Castro de escasos quince-dezaseis anos coñece, e trata, ao Iglesia Alvariño que daquela dera ao prelo o seu primeiro libro, *Señardá* (1930), e mais a todo un persoeiro mindoniense como Noriega Varela, quen naquela altura era xa aplaudido por toda parte. ¿Esgotábanse aí os tratos persoais con figuras referencias do círculo da vella cidade bispal? Non, evidentemente.

E velaquí como, para ben comprender o ambiente formativo no que se desenvolveron os primeiros pasos do poeta Díaz Castro, é preciso achegarnos á barbería-ateneo de Manuel Ledo Bermúdez, alias O Pallarego, insubstituíble ágora intelectual pola que pasaron nomes e voces fundamentais daquela hora, cos que Díaz Castro tivo alí a oportunidade de cruzar.



Barbería do Pallarego nos primeiros anos. Está arreglando ó seu amigo e parente Xesús López Díaz, Sucesor de Mancebo

⁸ Vid. o artigo de Manuel Suárez Serantes citado na nota 6.

A barbería do Pallarego⁹ converteuse entón no epicentro oficioso da vida cultural de Mondoñedo e polas dependencias daquel tonsurador de barbas, espírito musical e anfitrión por excelencia, foron pasando para reunirse Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Xosé María de la Fuente Bermúdez, Xosé Ramón Santeiro, Alejo Barja, Fernández del Riego, Tatino Díaz, Xosé Cigarrán Martínez, Raimundo Aguiar ou Bernardino Vidarte, mozos todos que coincidían alí cos máis veteranos Eduardo Lence-Santar ou Xosé Trapero Pardo para aprender da súa experiencia e departir. Tamén si, Xosé Díaz Jácome, quen xunto con Aquilino foi o introdutor de Díaz Castro no faladoiro da barbería do Pallarego e un amigo certo co que mantivo dende aquela trato afectuoso de por vida.¹⁰

A exposición a todo este viveiro literario,¹¹ sumada ás lecturas de clásicos grecolatinos e de autores máis modernos (Musset, Lamartine, Victor Hugo ou Valéry) que Díaz Castro acometeu naqueles anos explica que este se decidise a dar o paso de publicalos por vez primeira en xornais e revistas. É dicir, foi nos tempos do Seminario cando naceu publicamente o poeta que hoxe coñecemos, sobre todo, insisto, aguillado polo exemplo desa sorte de 'irmán maior' que foi dende a primeira hora para el Iglesia Alvariño, responsable tamén de que o de Guitiriz virase cara ao galego, como el mesmo ten declarado:

A miña cultura orixinal é galega, pero despois tiven unha cultura sobreposta, a castelá. Empecei a escribir en castelán, porque daquela era o que estaba —por dicilo así— de moda. Pero despois botei de contas de que eu realmente me debía a Galicia. O exemplo de Aquilino Iglesia Alvariño foi o que máis me influíu na elección da lingua galega para escribir poesía, o que me determinou a escribir e publicar en galego.

Xiz Ramil 1987: 161-162

⁹ Cumprida información sobre o Pallarego e o faladoiro da súa barbería pode atoparse en Francisco Mayán Fernández, *Manoel Ledo Bermúdez 'O Pallarego'*, Lugo, Deputación Provincial, 1991.

¹⁰ Confirman isto Díaz Jácome 1986a, 1986b, 1990a e 1990b.

¹¹ Para o ambiente cultural mindoniense da época pode lerse un meu traballo no capítulo «Amigos e versos na Oficina Lirica do Leste Galego», *Xosé Díaz Jácome. Poeta e xornalista*, Lugo, El Progreso/Novacaixagalicia, 2011, pp. 13-21.

Mais ese guieiro de Aquilino non só se manifestou na escolla idiomática, senón mesmo nas empresas intelectuais e publicistas no principiar diazcastriano. O guitiricense ten recoñecido que causou nel grande impacto a publicación de *Señardá*, aparecido en 1930, pero escrito entre os comezos de 1928 e outono de 1929:¹²

Había algo naquel mozo que a min, inda rapaciño nos comezos da adolescencia, me atraguía: a súa voz, o seu xeito de andar, a súa innata elegancia e aquela poesía campestre e recente do seu libro *Señardá*, entón recén publicado, que a min me revelou un mundo poético e me abriu a porta ó campo da poesía expresada en galego.

Impresionáranme aqueles sonetos inxenuos, anegados nunha melancolía que me parecía excesiva, cáseque irracional. Pero na linguaxe daquela poesía, claramente influída por Noriega e a lectura de poetas portugueses, eu atopei emoción, fonda beleza e lóstregos de inspiración.¹³

Agora ben, o que non se ten salientado debidamente é ata que punto Iglesia Alvariño aconsellou os pasos de Díaz Castro nas que foron as súas publicacións primeiras. Pénsese que Aquilino enviou en 1929 un poema a un Certamen Científico-Literario organizado en Barcelona polo Congreso Nacional de Misiones. A composición, escrita en castelán e titulada «Ofrenda lírica a unasanta» ía dedicada a Santa Tareixiña do Neno Xesús. A mesma devoción que moveu a Díaz Castro a escribir o seu primeiro poema publicado: «¡Toma mi corazón!», que apareceu na ilerdense *Lluvia de Rosas* en maio de 1931.¹⁴

Esta admiración tareixiana e misional era, doutra parte, ben comprensible, pois Iglesia Alvariño e mais Díaz Castro, sendo seminaristas, formaron parte da directiva da Academia Misionera San Francisco Xabier, da que o abadinense foi presidente e o de Guitiriz secretario.¹⁵

¹² Para todos os datos sobre os inicios do poeta de Abadín expresados ao longo dos seguintes parágrafos léase o meu traballo «O primeiro Aquilino Iglesia Alvariño», *A Trabe de Ouro*, 91, xullo-agosto-setembro do 2012, pp. 99-116.

¹³ Véxase a nota 7.

¹⁴ Cómpre lembrar que en *Señardá* Aquilino incluíu tamén «O sono de Teresita de Lisieux».

¹⁵ No legado do poeta consérvanse varias follas coas actas desta Academia, á que tamén se refire Blanco Torrado 2009: 53.

E foi no seo daquela Academia onde Díaz Castro participou na redacción da revista manuscrita *Illuminare*, o primeiro número da cal data de xaneiro-febreiro de 1931, onde, xaora, tamén apareceron escritos de Aquilino, textos todos eles hoxe perdidos.¹⁶

Ao abeiro da amentada Academia foron promovidas tamén charlas, obras de teatro para o Nadal e mesmo conferencias, como a que Díaz Castro impartiu sobre «Xabier nas Indias» o 22 de marzo de 1932 na clausura dun Curso de Misionoloxía.

Á parte, Iglesia Alvariño tivo que suxerirille, por forza, canles de publicitación ao primeiro Díaz Castro, pois ambos os dous colaboraron, ao mesmo tempo, tanto no semanario mindoniense *Vallibria* (que dirixía o común amigo Xosé Trapero Pardo) coma na revista viguesa *Vida Gallega*.

Semella evidente, pois, unha converxencia, unha irmandade no traballo poético de Iglesia Alvariño e Díaz Castro neste tempo, que se viu reforzada por idéntico clima e angueiras seminaristas vividos por ambos. Mais hai un elemento nidamente diferencial entre



Castro Prieto, D. Gerardo Fanego e Díaz Castro

¹⁶ É a mesma revista á que alude Díaz Castro na carta extractada por Villares Mouteira (1985: 3) cando confesa: «Lémbrome ben que, na miña época de estadía en Mondoñedo, dirixín tamén unha revista absolutamente manuscrita, feita toda por estudantes».

eles: fronte ao Aquilino sobre todo debuzado na lectura e estudo dos clásicos grecolatinos, da poesía francesa en voga e do saudosismo portugués que lle chegaba vía Noriega, Díaz Castro vai empaparse de todo iso e aínda dun coñecemento cada vez máis fondo dos idiomas e culturas inglesa e, incipientemente, alemá.

No tempo do Seminario o guitiricense subscribiuse a *La Croix*, mercou *Le Figaro* e recibiu a *Revue de Lectures* e mais *La Muse Française*, traduciu a Alphonse de Lamartine e, segundo Blanco Torrado, pouco tempo despois escribiu xa o primeiro poema en francés: «Crucifixion» (1936).¹⁷

Ata aquí todo máis ou menos esperable, pois é sabido que hai cen anos a lingua francesa funcionaba como vehículo internacional de cultura e en España a súa aprendizaxe formaba parte do ensino regrado. O que xa é máis sorprendente é o interese por ampliar horizontes idiomáticos daquel rapaz que entón era Díaz Castro e que, andando os anos, o había levar á excelencia na súa profesión de tradutor.

En efecto, como ten testemuñado o seu compañeiro seminarista Díaz Campos:

Era un gran estudioso de idiomas. Dominaba e falaba perfectamente o francés, lingua na que escribía e aínda facía versos. Cando se foi do Seminario traducía ben o inglés e xa comezaba a falalo con bastante soltura. Tamén andaba a voltas co alemán que xa lía e empezaba a traducir.¹⁸

Por partes: xa se dixo que a súa francofilia era manifesta, pois mesmo se molestara en solicitar á Librairie Garnier Frères de París as *Méditations Poétiques* de Lamartine, que se conservaron entre os seus efectos. Doutra banda, tamén o interese polo mundo anglófono

¹⁷ Blanco Torrado 1995 e tamén o escrito en <http://www.poetadiazcastro.com/>. Á parte: entre os papeis conservados do poeta gárdase, efectivamente, un fragmento da tradución dun poema de Lamartine e exemplares de *La Muse Française*.

¹⁸ Poden lerse estas palabras no xa citado *Amencer*, 82, novembro de 1990, p. 22.

está documentado, pois neses mesmos efectos aparecía xa algún exemplar do londiniense *Daily Mail*, do *The Cornhill Magazine* (editado tamén na City por Lord Gorell) e mesmo se conserva entre a súa correspondencia unha resposta do Departamento de Subscricións do *The Daily Telegraph* a unha súa petición de envío desta publicación datada en setembro de 1935.¹⁹ E tamén semella plausible que xa nesa altura a fala xermana estivese entre os seus obxectivos de aprendizaxe, como aseguraba Díaz Campos, pois seguiu na mesma liña na súa etapa de Vilagarcía e é sabido que, transcorrido tempo, chegou a traducir con acuidade a un poeta da importancia e fondura de Rainer Maria Rilke.



*Díaz Castro (sentado) con Castro Prieto,
na feira de Parga*

Temos, así, un Díaz Castro que atopa no Seminario o seu lugar, que é querido e admirado polos seus compañeiros, que comeza devagariño a inserirse nunha tradición literaria secular que herda como norte, que participa do ambiente cultural mindoniense do momento e, sobre todo, que irmanda con Iglesia Alvariño. Un Díaz Castro, ademais, que comeza a despuntar como políglota... ¿Non sería lóxico pensar que os seus versos daquel tempo reflectisen tal estado?

¹⁹ A carta está datada o 19 de setembro de 1935 e procede de Fleet Street, en Londres. Di así:

In reply to your letter of the 14th inst. we enclose herewith our latest scale of subscription charges. A specimen copy is being sent you under separate cover, and we shall be pleased to receive your instructions.

Yours faithfully,

Daily Telegraph
Subscription Department

Se un acode a algún dos textos inéditos escritos polo autor na Preguerra descubrirá poemas como este, que dan boa conta do ambiente festivo e de franca camaradería que rodeou aqueles días do poeta:

A nòsa clás

A nòsa clás é a primeira:
É un Consello de dèz sábios,
con fina espada na lèngua
i-etèrna risa nos labios.

Aquí têdes a Albariño
i-a Castro Prieto sentados:
están comentando todo
canto hai dos cèios pra baixo.

Cerca de Díaz Pietrín
veredes a Díaz Castro.
Este ousèrva e cala a boca,
e Pietrín está calado.

Fernández Xusto e máis Murias
equí están parrafeando:
disenten, dán-se bilzcos,
e fan resonar o banco.

Elí detrás aparexan
Ónega e García Mato:
Mato rî-se, rî-se e rî-se,
i-Ónega dibuxa un sapo.

Axúntan-se Joseíño
e Rodríguez Lorigados:
Joseíño empèza un conto,
e Lorigados acába-o.



Compañeros de Díaz Castro. Sempre de esquerda a dereita, na fila de diante están Rodríguez Lorigados, Eusebio Ónega, Díaz Castro e Díaz Pichín. Na fila do medio, o da esquerda non sabemos quen é, logo está Fernández Murias e o da dereita tampouco o identificamos. Os dous detrás son Castro Prieto e Alvariño González.

A nòsa clás é a pirmeira,
i-está feita de dèz sábios.
Albariño empèza a ròda,
e da-lle fin Lorigados.

A nòsa clás é a pirmeira,
e ninguén lle tòca o sacho.
¡Viva a nòsa clás, rapaces!
¡Decide viva, ou vos mato!!²⁰

Díaz Castro, pois, viviu aquelas xeiras do Seminario intensamente. Versos como os que deixou escritos en «Paròlas a un estudante» espellan como, malia as moitas horas que dedicou na súa cela ao estudo das materias regradas e os idiomas, nunca perdeu o contacto co que o rodeaba, coa Natureza, coa vida que gurgullaba derredor súa:

Cèrra ese libro, estudante;
proque as doutrinas máis sábias
n-están nos libros escritas:
na Natureza se gardan.

Cèrra, estudante, ese libro;
colle o sacho, pillá a zada;
rompe a tèrra co arado;
corta, enxerta, sèga, cava...

Na tèrra dura e fecunda
están as millores páxinas.
A tèrra è sabia e maèstra,
¡a tèrra è cousa sagrada!

Y-os libros son teórías,
vaguedades e palabras.
Cerrados, ròi-n-os o vèrme;
abèrtos, n-insinan nada.



(Foto de Félix Villares)

Xosé Mª Díaz Castro
no claustro do Seminario

²⁰ Este poema pertence ao libro inédito *Follas verdes*, de 1934, ao que me refiro máis abaixo.

Cerra ese libro, estudante,
e pilla o sacho i-a zada...²¹

A paisaxe e, tamén si, o trato amable coa veciñanza e parolar coas amizades foron ocupacións nas que entretivo as horas de lecer e, sobre todo, os períodos vacacionais, que eran contados, pois a viaxe de Mondoñedo ao Vilariño demoraba unhas seis horas, que incluían o transporte nun carro dende a súa parroquia ata Guitiriz, onde había que agardar polo auto de liña, necesariamente lento pola mecánica e as vías da época.

Mais este tempo de descanso estival aproveitouno Díaz Castro para convivir cos familiares e veciños e ir arrincándolles ditos e refráns que anotaba en cadernos, para coñecer lugares da contorna que estimulaban a súa imaxinación poética (velaí, poño por caso, o menhir de Súa Torre que inspirou a composición «El menhir solitario»)²² e para participar da vida dos Vilares e da bisbarra acudindo a feiras e festas, sempre que podía acompañado de seus irmáns. Mesmo tiña tempo tamén para visitar familiares en Neda e Betanzos, lugares que logo inspiraron diferentes composicións, unhas éditas e outras non.

Aquela era a vida que o seminarista Díaz Castro levou entre 1929 e 1936, xeiras que explican a nacemento e o sentido dos poemas que durante eses anos enviou a diferentes xornais e revistas.²³

A primeira poesía que publicou o autor é, como se avanzou, «¡Toma mi corazón!», aparecida en Lleida no número 96 da revista confesional *Lluvia de Rosas* en maio de 1931. Tiña daquela o poeta dezasete anos e tanto a temática escollida coma o lugar para dála á luz revelan a influencia seminarista e a concomitancia con Aquilino da que xa se falou.

A este texto en castelán seguírono outros, tanto nesta lingua coma en galego, aparecidos na cabeceira chairega *El Progreso Villalbés*,

²¹ Tamén en *Follas verdes*.

²² Vid. infra.

²³ Para unha análise pormenorizada dos textos citados nos seguintes parágrafos pode consultarse Requeixo 2001.

un periódico de nidia orientación católica onde Díaz Castro publicou dezaioito composicións (cinco en galego e o resto en castelán) entre xuño de 1931 e abril de 1933.²⁴

Ademais destas colaboracións, tamén naceron daquela outras reiteradas en *Lluvia de Rosas* (en decembro de 1931 e mais maio e setembro de 1932, todas tres en castelán); dúas entregas inseridas no mindoniense *Vallibria* entre maio do 1932 e do 1936 (en cadanseu idioma); tres textos en castelán no semanario lucense *Mundo de Ahora* de marzo a decembro de 1933 (dous deles ata entón descoñecidos e unha reprodución dun poema xa aparecido en *El Progreso Villalbés*); dúas poesías castelás na prestixiosa revista viguesa *Vida Gallega* (unha de novembro de 1933 e outra de febreiro do ano seguinte) e, finalmente, un poema pío e un tamén devoto diálogo lírico en castelán reproducidos en *Perla del Calvario* en abril e xullo de 1935.



Díaz Castro (o que está detrás do profesor)
con don Gerardo Fanego Losada e compañeiros do Seminario

²⁴ Sábese que colaborou tamén por aquel tempo no *Heraldo de Vivero*, mais non se conservan os poemas que alí enviou. O dato tírase dunha carta que mandou en 1969 a Xosé Luís Méndez Ferrín, na que o informaba: «Publicación en que se publicaron poemas meus: *El Progreso Villalbés*, *Heraldo de Vivero*, *Vida Gallega* (...)». Polo actual director desta cabeceira, Juan Carlos Neira Brochs, descubrín que a colección histórica da primeira época do xornal (anos 1912-1937) desapareceu e non se conservan exemplares para a consulta, polo que non é posible concretar que textos puido dar a coñecer neste medio o poeta. Para máis información sobre este periódico pode consultarse o especial publicado con motivo do seu centenario: http://www.xornalistas.com/imxd/noticias/doc/1330601517Heraldo_de_Vivero_centenario.pdf.

Non me deterei aquí a analizar o contido e importancia destas primeiras poesías publicadas por Díaz Castro, pero non quero deixar pasar a ocasión de facer notar a inexactitude coa que durante tanto tempo xulgou a crítica ao de Guitiriz, limitándoo a simple poeta de Posguerra e, polo mesmo, obviando unha traxectoria que, como se ve, xa dera os seus froitos antes do conflito bélico.²⁵

E se isto é así para a obra édita non compilada, outro tanto pode dicirse para a inédita deste período. Porque debe saberse que Díaz Castro escribiu durante a súa estancia no Seminario de Mondoñedo dous poemarios que deixou perfectamente rematados e mesmo dispostos para a imprenta (un deles tiña ata unha sorte de artesanal copyright). Nunca chegaron ao prelo. No seu momento, talvez porque o autor non ousou lanzarse a tal aventura ou, simplemente, porque non lle xurdiu esa oportunidade.²⁶ Pasado o tempo, porque considerou aqueles escritos materiais de mocidade poeticamente aínda inmaturos e, vistos coa distancia, só xermolos do que logo foi a lírica maior de *Nimbos*, de aí que o escritor se escudase unha e outra vez en que aqueles poemarios se perderan para sempre en mans de amigos aos que os prestara e que nunca llos volveran (cfr. Xiz Ramil 1987: 162).

Eses poemarios existen e levan por título *Follas verdes* e *Follas ô aire*. O primeiro deles, tras a derradeira composición, indica: «(Xaneiro-Febreiro de 1934)» e, xusto debaixo, «Lûs, 23 d'Abril de 1934" acompañado dunha sinatura en filigrana. Na cuberta, despois do título *Follas verdes*, figura o subtítulo «Cantares e romances», se ben na portada interior ese subtítulo muda polo de «Romanceiro de Díaz Castro», ao que segue a indicación espazo-temporal «Mondoñedo 1934».

Tras o amentado 'copyright' e un breve limiar rotulado «Ô comenazar», seguen un poema limiar e setenta e catro composicións máis, distribuídas nas seccións «Follas perdidas», «Lyra enxèbre», «Ditos e refrás», «As noites» e «Romances, baladas e pensamentos líricos».

²⁵ Unha descrición completa de toda a produción édita e inédita de Preguerra pode lerse en Requeixo 2013, no bloque dedicado ao estudo da «Obra» do guitiricense.

²⁶ Unha primeira caracterización destes poemarios pode lerse en Blanco Torrado 1995: 26-36.

Da súa parte, *Follas ô aire* sinala na derradeira páxina que se rematou o 19 de marzo de 1935, coa indicación «Ad Gloriam. Amén» e a sinatura do autor precedendo todo. O subtítulo da cuberta aclara que se trata de «(nòvas poesías)» e vai seguido dunha dedicatoria xeral: «...pr'òs que coma mín sufristes, lexionarios da delor, corazóns negros e tristes..., O autor». Neste caso —e a diferenza de *Follas verdes*, onde só un poema aparece datado—, a inmensa maioría das cincuenta e catro composicións levan indicación cronolóxica e foron escritas entre 1932 e marzo de 1935, repartíndose en tres seccións: «Perversidade», «Ceguedade» e «Aurora».

Se un compara agora o total dos poemas de *Nimbos* (apenas trinta e dous) coas cento vinte e nove poesías que suman entre *Follas verdes* e *Follas ô aire* e lle aumenta a media ducia publicada en *El Progreso Villalbés* e *Vallibria* (por non falar das outras dúas ducias que viron luz en prensa en castelán e algún outro poema en follas soltas tamén inédito)²⁷ darase conta doadadamente de que antes de chegar a esa catedral poética do ano sesenta e un houbo un longo e vizoso camiño, andando dende as aulas do seminario, sen o que non se explica o fulgor nimbado da escrita diazcastriana que logo foi.



²⁷ A maiores, aínda podería aducirse a composición «Foi n-outroira, foi n-outroira...», un solto manuscrito e inédito datado o 11-5-1933, e, probablemente, tamén outros soltos que, malia non estaren datados, polo papel e tinta empregados e polo estadio caligráfico do autor que amosan, tamén semellan de Pregoerra.

Toda esta escrita, producida e alimentada con humus mindoniense, remata coa chegada da Guerra Civil. Rematados os tres cursos de Latín e Humanidades e outros tantos de Filosofía, Díaz Castro abandona o seminario tras o remate do segundo curso de Teoloxía, en xuño de 1936. O comezo da Guerra Civil precipitou o seu ingreso no Exército, e, aínda que nun primeiro momento foi á fronte de Asturias como practicante e padioleiro, logo de oito días os seus superiores decidiron que era máis útil nun posto da retagarda, polo que foi destinado á clínica militar do Gran Hospital de Pontevedra, onde prestou servizos como sanitario durante dous anos e medio.

Unha vez licenciado —o 6 de xullo do 39—, Díaz Castro regresou de primeiras a Guitiriz. Alí tivo que tomar unha determinación: pensar qué rumbo dar á súa vida. Ao final, decidiu reingresar no Seminario para o curso 1939-1940 e rematar, deste xeito, o derradeiro ano de Teoloxía, seguramente seguindo o consello familiar. Mais a falta clara de vocación fíxoo abandonar e non terminou o curso, con gran pesar dos seus coñecidos alí e mesmo das autoridades, que o despediron, desexándolle o mellor, en xaneiro de 1940.

Díaz Campos, que compartiu con el aqueles tempos seminaristas, relatouno así:


Díaz Castro volveu ó Seminario despois da Guerra Civil. Empezou o curso 1939-1940, pero deixou o Seminario ó redor do Nadal, non podo precisar se foi antes ou despois do Nadal. Paréceme que foi en xaneiro. Díaz Castro estaba moi ben conceptuado e era moi apreciado no Seminario. Cando lle foi comunica-la súa decisión ó Bispo, D. Benjamín de Arriba y Castro, este manifestoulle que, se algún día cambiaba de parecer, as portas do Seminario quedábanlle abertas.²⁸

Deste xeito remataron os días do poeta en Mondoñedo para regresar ao seu Vilariño natal.²⁹ Mais ben pronto houbo de abandonalo novamente, pois chamou por el un vello amigo, Aquilino Iglesia Alvariño,

²⁸ En «Opinións», *Amencer*, 82, novembro de 1990, p. 23.

²⁹ Aquela renuncia non debeu sentar nada ben ao seu pai, que xa debía velo case como un ministro de Deus. Tanto é así que, nunha carta que escribiría anos despois ao que

quen lle propuxo que se sumase ao claustro de profesores do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa. Iniciábase, así, unha nova xeira na vida de Díaz Castro que o afastou definitivamente da cidade da Paula á que, porén, sempre lembrou con infindo agarimo e agradecemento, pois nela ficaran os seus anos de formación e, tamén si, a súa adolescencia, ese tempo onde todo é posible que viu nacer un poeta.



BIBLIOGRAFÍA CITADA

BLANCO TORRADO, ALFONSO

1995 *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, Fundación Caixa Galicia/El Progreso.

2009 «A amizade creativa con Díaz Castro», *Amencer*, 205, maio-xuño, pp. 51-64.

DÍAZ CASTRO, XOSÉ MARÍA

1986 «Iglesia Alvariño na miña lembranza», *Xermolos*, 16, maio, pp. 12-15 [Reproducido en *Dorna*, 11, xaneiro, 1987, pp. 115-117 e mais en <http://www.poetadiazcastro.com/>].

DÍAZ JÁCOME, XOSÉ

1986a «As vacacións do poeta», *La Voz de Galicia*, 17 de xullo.

1986b «Díaz Castro volveu a Mondoñedo», *La Voz de Galicia*, 28 de outubro.

1990a «Festa homenaxe», *La Voz de Galicia*, 14 de abril.

fora mestre na infancia do poeta, Manuel Cordeiro, don Isidro confesáballes: «el José después de nueve años de estudio para Cura entrando en el tercero de Teología, dejó la carrera, se marchó a Vilagarcía a entrar de Profesor en un Colegio de Enseñanza media» (Carta de Isidro Díaz Calvo a Manuel Cordeiro, 28-5-1951).

1990b «Unha bágoa polo poeta Díaz Castro», *La Voz de Galicia*, 14 de outubro.

FANEGO LOSADA, FRANCISCO

1946 «Mondoñedo: otro poeta laureado», *El Ideal Gallego*, 21 de agosto.

LORENZO TOIMIL, IGNACIO

1990 «Xosé M^a Díaz Castro. Biografía», *Amencer*, 82, novembro, pp. 4-5.

PALACIOS, GERMÁN

2007 «Un elixido», *La Voz de Galicia*, 2 de xullo.

REQUEIXO, ARMANDO

2001 «Xosé María Díaz Castro, poeta de preguerra», *Madrygal*, 4, pp. 99-109.

2013 *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, Vigo, Galaxia.

SEN SINATURA

1997 «Poemas inéditos de Xosé Díaz Castro», *Amencer*, 144, novembro, pp. 15-20 [Reprodúcense os seguintes poemas de *Follas verdes*: «Noite de inverno», «O fillo de Xan Pirico», «A balada da madrugada», «Inconsecuencias» e «O meu caudal»].

VARIOS AUTORES

1990 «Opiniós», *Amencer*, 82, novembro, p. 23.

VILLAPOL IGLESIAS, ISRAEL

1985 «Os nosos escritores. Hoxe: Xosé María Díaz Castro», *Amencer*, 25, febreiro, pp. 4-5 [Extractado en «Xosé María Díaz Castro, en «Mencer»», *El Progreso*, 17-4-1985].

VILLARES MOUTEIRA, FÉLIX

1985 «A xeito de cancela», *Amencer*, 25, febreiro de 1985, p. 3.

1997 «A escola poética do Seminario de Mondoñedo», *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*, Lugo, Deputación Provincial, pp. 19-32 [Logo, revisado, en *Un alpendre de sombra e de luar. A Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol*, A Coruña, Biblos Clube de Lectores, 2007, pp. 14-35].

2011 «Vinte anos do pasamento de Díaz Castro», *La Voz de Galicia*, «Dumio», 27 de xaneiro.

XIZ RAMIL, XULIO

1987 «Xosé María Díaz Castro: *Nimbos* de poesía. Notas para achegarse á vida e obra de Xosé María Díaz Castro, o patriarca dos poetas da Terra Cha», en AA. VV., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, pp. 161-165.

Mondoñedo e Xosé María Díaz Castro

Xulio Xiz

Quen se fixo se recoñeceu poeta en Mondoñedo, resulta honrado neste 2014 co «Día das Letras Galegas». Un máis da Escola Poética do Seminario como Leiras Pulpeiro, Noriega ou Aquilino.

Foi precisamente Aquilino o que o conquistou para a poesía galega. Porque ata Mondoñedo e Aquilino só escribiu en castelán. Confesaba ter nacido á poesía *«aos oito ou dez anos... nos Vilares, na escola primaria. Daquela empecei a fiar os meus primeiros versos. Eran poemas malos, en castelán, xermolos dos que virían despois. A verdade é que eran cousas que non podían ser gardadas»*¹.

O Seminario, berce poético

O clima poético atopouno en Mondoñedo. *«Cando encontrei ese clima foi estudando xa o que poderíamos chamar segundo ensino, en Mondoñedo. Alí había un ambiente estimulante para a poesía»*. Aos 16 anos, xa era escritor: *«cando era rapaz e empezaba a escribir, eu tiña un pouco de fachenda, e gustábame que dixeran que escribía ben.../... a miña cultura orixinal é galega, pero despois tiveron unha cultura sobreposta, a castelán. Empecei a escribir en castelán, porque daquela era o que estaba –por dicilo así- de moda. Pero despois botei en conta que eu realmente me debía a Galicia,. O exemplo de Aquilino Iglesia Alvariño foi o que máis me influíu na elección da lingua galega para escribir poesía, o que me determinou a escribir e publicar en galego»*.

«Aquí foi onde me perfeccionei eu, aprendín a escribir, aprendín a escribir en verso, e empecei a publicar... nun periódico de Villalba, unha revista de Vigo... Para min, Aquilino foi un guía. Primeiro fomos compañeiros de estudio en Mondoñedo. Máis tarde,

¹ O texto en cursiva corresponde a palabras de Díaz Castro

compañeiros de profesorado. E sempre o admirei. Para min, foi un dos mellores poetas que producíu a nosa terra, e aínda o sigue sendo.»

Da Terra Chá

Xosé María Díaz Castro – José María do Vilariño- procedía desta aldea da parroquia dos Vilares, de Guitiriz, nun extremo da Terra Chá. Foi durante moitos anos o Patriarca poético desta poética comarca. El afirmaba que *«A Terra Chá, é unha patria poética, sen dúbida ningunha. Está ben claro que é unha patria poética no sentido de que produce poetas e a mesma terra é unha fonte de inspiración para aquel que ten sensibilidade poética. Incluso para outras artes. Creo que é unha terra de gran beleza, que ademáis crea beleza.*

E era consciente de que o seu galego era especial, por estar vencellado directamente á súa terra. Como diría Paco Martín, Díaz Castro escribía en «Chairego»: *«Eu escribo un galego dialectal, como xa dixeron algúns críticos nas reseñas da miña obra. Un galego de Lugo, e dentro de Lugo desta bisbarra. Que non é un galego perfecto, xa o sei, pero eu quero sempre falar na lingua da bisbarra onde nacín, porque así a miña voz é máis auténtica.»*

Betanzos confirmouno como poeta

Os premios en Betanzos, nos xogos florais foron *«un estímulo moi grande. Evidentemente, non era a recompensa monetaria o que me tentaba, senón acadar fama. Eu nunca me presentara a ningún concurso poético, e aquel ano pareceume que podería ser unha cousa facil para min facer un canto a Betanzos e á muller betanceira. Por eso me presenteí. Un día de verán, nas vacacións, funme a unha fraga, á beira do río, cun sombreiro de palla, un lápiz e un papel, e alí, dun tirón, fixen o «Cántico de la Ciudad», o poema en castelán. O galego, fíxeno con máis calma. Para min foi unha gran satisfacción e un gran estímulo que aqueles poemas resultaran premiados.... Daquela, parte dos poemas de NIMBOS xa estaban escritos, unha parte moi pequena. Pero máis tarde, remateino en Madrid».*



Nimbos de poesía

Cumpríanse vinteseite anos da aparición de NIMBOS, toda unha revolución poética, cando naceu a produción en video «XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, NIMBOS DE POESÍA», que eu dirixín.

Ao introducirme no mundo do video, coidei deber de amigo e dereito tamén de amigo facer un video sobre Xosé María Díaz Castro... un video dos primeiros que fixemos, segundo ou terceiro dos preto de cen que publicamos.

Resultou ser un video sinxelo, pero con grande agarimo. E nestes momentos é coma un achado arqueolóxico, xa que é o único documento existente con imaxe e voz de Díaz Castro. A el xúntanse arredor de dúas horas de gravación de programas na Radio Galega – «Literatura viva» e «A radio máis nova»- que eu dirixín.

Nestes documentos que conservo, Xosé María confesa que «*Os temas que máis me gustan son os eternos problemas (do home), aqueles que se refiren á súa orixe e ó seu destino... o tempo, a vida, a morte, Deus.../eu, case por instinto, sempre recurrín aos conceptos luz-sombra, noite-día: dous polos distintos da vida.../... Nin me gusta escribir según o principio da arte pola arte, que me parece puro esteticismo sen sustancia, nin tampouco facer poesía comprometida pola razón de que eu sempre fun moi libre, e sempre me escapei de todo aquilo que me atara a un principio, a unha norma.*

Con Díaz Castro en Mondoñedo

Cando dei en facer o video, e repasei a súa biografía – xunto coa súa poesía-, vin que o trasfondo relixioso, místico, que a poesía de Díaz Castro tiña só podía proceder do Seminario. E así o fixen constar no guión, e así o comprobei cando aquí vin con el. Fomos a Betanzos, onde levou aqueles importantísimos premios. Fomos ós Vilares de Parga onde naceu e onde, como el dicía, naceu nel a poesía e naceu el á poesía. Pero cando chegamos a Mondoñero foi diferente. Aquí, díxome, viviu os mellores momentos da súa vida...

Entrei con el polo portalón do Seminario, e parecía máis novo ao entrar, como descargándose dos anos que andivo por fora. No patio central, sinalou unha fiestra... alí, estaba o seu cuarto. Sinalou unha porta: *alí vin por primeira vez a Aquilino, que tanto influíu en min para que escribise en galego*. Naquel día había, lembro, exercicios espirituais para cregos no Seminario, e no amplo pasillo atopeime cun fato de curas que me honran coa súa amizade... todos coñecían, admiraban e querían ao vello compañeiro, a Díaz Castro.

Entramos nunha aula, sentouse nunha silla. E deu en ollar o chan e lembrar as vellas lastras, o encerado, as paredes, os mobles... *Aquí, dábannos clase de historia... Aquí... aquí.... aquí...*, en Mondoñedo, fíxose forte a poesía de Díaz Castro, aquí empezou a escribir en galego, aquí aprendeu a base do seu don de linguas, de saber case todos os idiomas de Europa. Pero, sobre todo, aquí empezou a saber das verdades inmutables...do pequeno e grande que é ser home, da sede de luz que o acompañaría durante toda a súa vida... desa ferida que o marcaría para sempre.

De novo en Mondoñedo

O 3 de outubro de 1990, demos sepultura ao cadáver de Díaz Castro no cemiterio parroquial de Guitiriz. E menos de dous meses despois –o 22 de novembro- viñemos ao Seminario de Mondoñedo presentar o video dentro dunha homenaxe ao poeta organizada por Felix Villares Mouteira, entón Director do Seminario.



Seminario de Mondoñedo

Era a segunda vez que eu entraba no Seminario, e así llo fixen saber aos rapaces – a primeira fóra con Díaz Castro- xa que eles eran compañeiros do poeta, compañeiros daquel home que un tempo foi neno e rapaz, e aquí comezou a vivir.

Viñemos ao Seminario falar e proxectar un video en homenaxe a un poeta da casa, un deses homes que engaden música ás palabras normais para que se convirtan en poesía.

Era como pechar un ciclo: En Mondoñedo nacera Díaz Castro á poesía; a Mondoñedo volveu para reencontrarse co seu pasado, coa súa esencia poética; a Mondoñedo volvemos – xa sen el – para simbolizar a súa permanencia neste espacio e no tempo.

Amencer

Xosé María amenceu en Mondoñedo á cultura, á poesía, á vida. Foi un home singular que camiñou pola vida ferido pola sede de luz. E aquí foi, neste Seminario, onde aprendeu que hai unha luz que nos aluma... e se hai sede de auga, moito máis forte é a sede de luz... esa sede insaciable, buscando o resplandor... Xosé María Díaz Castro foi un sedento de luz, precisamente porque a súa altísima calidade humana, a súa fortísima personalidade, a súa bonhomía lle facía buscar ese «algo máis» intanxible.

E se no Seminario de Mondoñedo «amence» cada día de xeito diferente, seguro que é porque as vellas pedras que o conforman

físicamente teñen pegadas imborrables de todos os grandes que aquí se formaron cultural e espiritualmente. Xente coma Xosé María Díaz Castro, un home bo, xeneroso, que estudiou aquí –lembreille aos rapaces que asistían á presentación do video- «coma vós, que coma vós tivo inquedanzas, ledicias e tristuras, amores e desamores... pero que por riba de todo consideraba que ser galego era unha sorte, falar galego unha ledicia, falar cun amigo o mellor agasallo, e ser boa persoa o requisito indispensable para camiñar dereito por este mundo».

Ata sempre

Para Xosé María Díaz Castro, vello amigo, que nos deixou orfos de amigo, orfos de poeta; non cabe un adeus, senón un «ata sempre», xa que non estará morto mentras viva na lembranza de todos os que fomos os seus amigos.

Quince días antes de morrer, Díaz Castro -ingresado na Residencia de Lugo-, no tristísimo ambiente de hospital, reafirmábame a súa querencia pola Chaira, engadindo especial puntualización: *Quero e reivindico a Chaira, pero agora faime falla pouca. Con dous metros de longo por un de ancho, coído que poderei arreglarme*. Quizais era algo máis ca unha premonición.

Estou seguro de que sabe e ve todo o que se está a facer na súa honra. E do mesmo xeito que en vida manifestaba non saber por que lle tiñamos tanto agarimo, volvería a afirmar *«eu non sei como afrontar a fama; eu non sei se son un fito, pero non quero ser un mito. Se son un fito ou mito, son así, e é que me fixéstedes vós»*.

Que entre todos sexamos capaces de explicar a grandeza literaria e humana da magnífica persoa e xenial escritor Xosé María Díaz Castro, «José María do Vilariño».



LERIAS PARA AMENCER OUTRA VEZ CON DÍAZ CASTRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro

Pedíume o amigo Don Félix –home, se volvese a comezar este escrito quitáballe o «Don», porque aínda que leve o título de ilustrísimo por pleno dereito, a min non se me acae chamarllo, xa que ós amigos de verdade non se lles anda dicindo: «ilustrísimo señor amigo meu». -Que manía teño de botarme fóra do rego- Vou ó caso de que o amigo e compañeiro Félix me pediu para este número extraordinario de Amencer que escribise algo sobre XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO a quen se lle dedica este ano o DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Colaboro de moi boa gana, sendo consciente das miñas limitacións.

Pois aló vou e deixar a ver que resulta, xa que sei bastante ben como empezar, pero quen sabe como acabarei? Paciencia, logo, pequenos que facedes posible Amencer e paciencia tamén non tan pequenos que gozamos con Amencer. Penso primeiro nos pequenos, porque se vosoutros, os nenos, me entendedes tamén me entenderán os grandes, mentres que, se escribise só para grandes, igual non me entenderían os pequenos. É o que me pasa tamén na misa. Imos xa: O día 4 de febreiro, día internacional do cancro, participei en directo nun programa de radio emitido desde a Asociación Contra El Cáncer de La Coruña –sendo en La Coruña parece bastante lóxico que case todo fose en castellano- Nese programa, moi superficial por certo, e por incompetencia de quen o conducía, falouse algo desta enfermidade, case epidemia dos nosos tempos. A min operáronme de cancro de larinxe o 20 de xuño do ano pasado e, como consecuencia, quedei sen cordas vocais e parece ser que tamén sen sinais de cancro, grazas a Deus e o acerto dos cirurxiáns Comecei a aprender a falar de novo a mediados de xullo, pero aprender de novo a falar nestas condicións ven sendo algo así coma poñer a tocar un violín sen «cuerdas». A cousa non é doada, pero grazas á logopeda e á miña forza de vontade xa toco bastante ben sen «cuerdas». Por iso, participar nese programa de radio en directo era un reto. Á forza de vontade axúdalle bastante un certo sentido do humor que permite ata

rirse dun mesmo. Neste caso será rirse do mal que un fala agora comparado con antes e, non obstante, non acomplexarse. Nese programa de radio dixen algo que algúns tomaron á broma e que sen embargo para min é moi serio.

O que dixen e que ademais foi rigorosamente certo é que cando comecei coa logopeda escribinlle, porque daquela aínda non falaba: «María, podes ensinarme a falar de novo en galego?» Ela dixo que si coa súa fermosa voz. E seguíu escribindo: «Agradézocho moito, porque se saíra de aquí falando en curoñés, por exemplo coma Don Paco Vázquez, igual prefería quedar mudo para sempre ou torcíanme a cara os amigos de vello. Fíxolle gracia a causa e todo foi mellor entre nós, por mor da confianza.

Ben sei, amigo lector, ou amiga lectora -sei que es amigo ou amiga porque se non o foses non te poñías a lerne. Vaia que atinei?- tamén sei que a estas alturas xa te estás preguntando: Pero que terá que ver toda esta leria con Díaz Castro? Paciencia, home ou muller, paciencia, que tampouco o Padornelo medrou o que medrou en tres meses, nin en tres anos, nin en tres séculos, ni o deron achaiado coa autovía, aínda que unha bo avolta levouna.

(Foto de Félix Villares)



Xosé María Díaz Castro con Alfonso Blanco Torrado á entrada do Seminario de Mondoñedo

Cando viña de volta de La Coruña, dunha vez que mirei o móbil vin que tiña un correo de Dino Pacio Lindín –para miralo parei e aparteí. Aclároo porque o mesmo se botan os de tráfico detrás de min e plántanme unha sanción con carácter retroactivo- como estaba ven estacionado lin o coreo, pero antes de facer referencia ao que me dicía vouna facer a quen mo dicía. Dino naceu en Ximil de Bretoña, é conferenciante en galego, español, inglés, italiano, francés, alemán e portugués. Ten como seu idioma oficial o galego e máis oficial aínda, o ximilés. Dino é un superdotado, profesor universitario nas universidades de Rochester, Fordham, Universidade da Cidade de Nova Iork (CUNY) e na Universidade do Estado de Nova Iork (SUNY). É un pozo de ciencia con corda suficiente para que o caldeiro poida chegar ó fondo, ou coa ciencia tan na tona que non fai falta caldeiro. Teño a fachenda de que fose meu profesor no Seminario de Mondoñedo, meu orientador, aínda que fose a distancia, ao longo da vida e meu amigo sempre. Agora vou co que me dicía. E como sabedes ler no volo vou dicir, senón que o vou transcribir textualmente: *XOSÉ MANUEL: onte ollei a túa foto nun priodico, lin o artigo mais dunha vez; é comovedora a historia e sinto moitismo o que pasou, sobor de todo a perda da voz; pro, xa que a vida, é máis ca voz o importante é a sobrevivenza; ben seguro, tu loitas pola sobrevivenza, pola vida e iso é dicisiv ; o filósofo francés Jacques Derrida, finado no 2002, iscribíu un dos libros máis importantes do século 20, «é la Gramatologie» no 1967; alí defende que a escritura é anterior á fala é máis básica na vida, xa que naceu das trazas, das marcas: sen elas non poderían ter sobrevivido os nosos antergos; ben seguro coa salú recobrada e ben coidada, siguirás a via da escritura con moita creatividá coma sempre, ou máis aínda; oxalá síntaste ben e pódaste adatar á nova situazón coa ledicia e o otimismo tamén de sempre; apertas.*

Sen pretender resumir nunha frase –Deus me librra- anos de investigación e coñecementos que me sobrepasan, ousarei dicir como pauta de interpretación que este gran intelectual, Jacques Derrida, que o pensamento, que dá lugar á palabra e que residen no interior da persoa, maniféstase ó exterior mediante a palabra falada e, xa

antes mediante a palabra escrita, de mil maneiras diferentes, mesmo nun trazo ou nun debuxo. E en definitiva, -isto, paréceme que non o di Jacques Derrida, senón que o digo eu (e non quero botarlle culpas que non tén)- en definitiva, as letras trazos son, ou non?

Pois logo, se a escritura, aínda que sexa en trazos rupestres e paleolíticos, é anterior á palabra falada, a ver se non hai que remontar a celebracións das letras galegas a polo menos vinte mil anos atrás na Cova Eirós de Triacastela. ¡¡Aí, carai, para que se empapen os bilingüistas de pacotilla que din que isto das letras galega é un invento transitorio que arrinca do ano 1963, coincidindo coa publicación de «Cantares gallegos» da «santiña» Rosalía de Castro!!.



Díaz Castro con Díaz Jácome no bar de Porriño (Foto de Félix Villares)

Vedes como nos imos achegando á dedicación deste día a Díaz Castro. Total, vinte mil anos son unha carreiriña dun can.

Tranquilos que xa me queda pouco que escribir. Que como o sei? Moi doado, como vexo que se me acaban as ideas, ou sexa: os pensamentos sobre este tema, teño que parar de escribir de contado. Pero se se che fai moito para unha so sentada, amigo ou amiga lector, autorizote a deixalo para mañá ou a comer un pique antes de seguir,

agora que procura pero non me fallar. A ver se te vas e non te acordas de volver.

Vexo que, ou non te fuches ou xa volviches. Graciñas.

Á vista do visto recoñezo que moita razón tiña o amigo Antón Miguélez, cura de Vilanova de Lourenzán e outras, que antes de operarme de gorraxectomía xa me dicía: «Tranquilo, Xosé Manuel, que aínda que che quiten a voz, (que non cha han quitar de todo), o que non poden facer é quitarche a palabra. A palabra é moito máis ca voz. Escribe e seguirás comunicándote». Agora estou comprobando que escribindo mesmo se pode dialogar, ou ti non te sentiches tentado ou tentada a contestarme máis dunha vez?

-Segues aí?

Ves, como co pensamento xa contestaches que si. Pois logo estamos dialogando.

Cataplún!. Dun brinco xa chegamos a Díaz Castro!. E que vou dicir del? Pois case nada, que xa sei eu moi ben que escriben neste número de Amencer outros que teñen moito máis que dicir ca min e que ademais saben dicilo mellor.

Sen desprezar a ninguén, mira como fala do noso poeta e como lle fai falar a el o tamén gran amigo e seu veciño Xaquín Campo Freire:

Cen anos. 19 de febreiro de 1914. Nace o poeta. «Foi o comezo do tempo un berro de sede dende a lus. A fin suprema do tempo é un estalido de gloria na lus».

O Tempo, así con maiúscula, é a categoría. A categoría existencial. Na mente e corazón do poeta que el escribe, neste caso, sempre en maiúscula, O Tempo, era, como para Penélope, como para Rosalía, («Tecín soia a miña tea»), algo esencial para el e para a Galiza. «O río está deitado coma un boi remoendo e o Tempo non sei que anda rente del remexendo».

Quédome só con isto, porque abóndame. É certo que Xaquín segue dicindo marabillas que quen queira poderá atopalas na sección de Opinión de Galicia Dixital, pero só transcrito é xa unha xoia. Que gustazo que haxa persoas coma Xaquín -e repito: sen desprezar a ninguén- que teñan tanto que escribir e saiban dicilo tan ben. Vaia que si?

Acabo de afirmar de Díaz Castro que é o «noso poeta» e reafírmome no dito. É noso porque é da nosa terra e da nosa fala e máis en concreto tamén é dos chairegos por selo el tamén. É noso porque naceu á sabedoría, á literatura e á poesía onde, a pesar da longa noite, segue nacendo Amencer coma unha neniña en cada novo número ao mesmo tempo que xa é unha enfeitizante moza de arredor de trinta e poucos anos, que din as malas linguas, pero non llo digades a ninguén, que é a «querida» de Félix



Díaz Castro en Lugo (Foto: Carlos Rodríguez)

Villares. É noso porque non o esmagou a insana saudade ni a atafegante desesperación, senón que mantivo a esperanza e sementou esperanzas abrindo fiestras cara o futuro sen por iso pasarlles a tranca por dentro ás fiestras que miran ó pasado. É noso porque é fillo de labrego sen nunca renegar da súa humildosa condición. O seu vestido de festa ulí a rural, ulí a verde, ulía a humidade e non se espiu del nin na gran urbe, Madrid, nin na reseca Castela, nin na apardada estepa. É noso porque, aínda que era coñecedor de case toda sas linguas europeas, usaba a nosa para apaxear e acariñar. É noso por... ¡É noso e acabouse!

Moitas grazas por selo, Don Xosé María. E mire outra cousiña: descúlpeme, pero, se cadra, o día das LETRAS GALEGAS igual non

vou polos Villares ou por Guitiriz, sabe. E que verá, home, nas miñas condicións aconséllanme que non me alporice e, o mesmo me atopo por alí ese día con autoridades chegan asoballantes e que se van mostrar moi fachendosas de seren galegas e que, non obstante, nin sequera falan galego durante as horas «lectivas» que lles pagamos por falalo. Ou quen sabe? Tamén puidera darse o caso de que tropezase con algúns neoconversos e, polo mesmo fanáticos coma case todos os neoconversos, que aínda non hai moito tempo ríanse dos paletos que éramos os que conservamos o galego, pero que agora xa convertidos, para disimular que non saben falar máis ca o disecado, inventan e falan o que nin eles entenden e mesmo escriben de xeito que non os entende nin un só lector. A ver don Xosé María, dígame vostede que é persoa senta, non lle parece que para escribir para min só non é preciso que me dea ó vicio de emborranchar papel, senón que me debe chegar coa axenda e non debo malgastar celulosa coas consecuencias de sequía que trae consigo cortar árbores para facer papel que despois convértese en inútil aínda que gañe concursos literarios por recomendación con membros do xurado afines que tampouco entenden o que cualifican? Se nos descoidamos e lemos esta parrafada, sen comas, toda dun tirón o mesmo afogamos eh? Pois iso de escribir sen puntuar agora tamén se leva moito.

Vou parar que me parece que comezo a alporizarme e quería despedirme en boas formas de ti querido lector ou lectora. Graciñas por escoitares as miñas lerias.

Como diría outro, sen dúbida bo amigo de Díaz Castro, e tamén un dos nosos, Don Xosé Trapero: «Ata outra millorada e disimulen se en algo faltei».

Permíteme que remate pedíndolle a Deus que se fixo PALABRA en-carnada en miles de linguas, que respectándoas a todas, amemos, agarimemos, defendamos e coidemos a nosa, xa sexa escrita ou falada, por mil primaveras máis e despois xa volveremos a pedir.

Agora si, voume de vez. Aburiño! Neniños, non deixedes que vos rouben o tesouro que vos legamos os que imos indo para vellos e que nós tamén herdamos de quen nos quería ben, os noso vellos.

NIMBOS (Díaz Castro)

Nimbos é
un corazón escachado
polo sentimento espazoso
na herdanza acesa de Díaz Castro.
Unha cruz na luz.
Un oco de estrela na noite
ardendo como un berro,
reberberando as corredoiras
e alampando os ríos
e a terra sucada
de Parga a Pastoriza,
da Corda a Ponte Gafín.

Un fío de lume sen escuridade
que acende o río en Porto Muíño,
un Xesús vivo na aurora
da terra baleira.
Un cáliz fervendo
de sangue namorado.

XOSÉ OTERO CANTO



Xosé Mª Díaz Castro é o primeiro da esquerda dos que están sentados

UN POEMA INÉDITO? EN CASTELÁN

*Arte, palabra divina
Que gloria al talento augura
Plácida luz que fulgura
Sobre unha Santa colina;
Aguila de eterno vuelo,
Ángel que canta en el suelo
Melancólicos amores,
Brinadando al talento flores
De los jardines del cielo.
Por él, titán soberano,
Miguel Angel se agiganta
Y hasta los cielos levanta
La cruz del templo cristiano.*

José M^a Díaz Castro

COLABORARON

Jaime Pernas Lozano, 1º ESO
Daniel Díaz Villamel, 3º ESO
Ernesto Barro Jiménez, 3º ESO
Enrique Cal Pardo
Xosé Manuel Carballo Ferreiro
Miguel Angel Domínguez Lama
Xosé Otero Canto
Armando Requeixo
Carlos Rodríguez
Xulio Xiz Ramil
Félix Villares Mouteira

Debuxou a tapa:

MIGUEL ANGEL DOMÍNGUEZ LAMA,
Licenciado en Belas Artes e exprofesor do Seminario

ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE «AMENCER»

Entidades colaboradoras:



Avda. Arcadio Pardiñas, 44
27880 BURELA (Lugo)
Tfn.: 982585098 - Fax: 982 57 51 01
www.amarina.org

HOTEL *** Vila do Val

Plaza Sta. María, 2 - 27770 Ferreira do Valadouro (Lugo)
Tfn. / Fax : 982 57 16 53
info@hotelviladoval.com - www.hotelviladoval.com






AUTOS MORÁN, S.L.
B-27.179.969
Avda As San Lucas, 13
27.740 - Mondoñedo (Lugo)
www.morangrupo.es



CONGELADOS TROULO, S.A.
Polígono Industrial de Rábade, F-1, P-12
27.370 - Rábade (Lugo)

Luisa Fernández Leirado
Responsable Comercial
Tel: 982-39-20-08
Fax: 982-39-22-97
Móbil: 677-583-061
e_mail: luisafernandez@troulo.es



Montajes Eléctricos Alfonso, S.L.

INSTALACIONES ELÉCTRICAS - SISTEMAS CONTRA INCENDIOS
PORTEROS Y VIDEOPORTEROS - MANTENIMIENTOS INDUSTRIALES
SONIDO Y LUMINOTECNIA - HILO MUSICAL
CALEFACCIÓN TARIFA NOCTURNA- TELECOMUNICACIONES, VOZ Y DATOS

Leiras Pulpeiro, 12
Telfs.: 982 52 18 62 - 679 43 71 68 - Fax: 982 52 13 73
monelalfonso@monelalfonso.com 27740 MONDOÑEDO (Lugo)

HOSPEDAXE "SEMINARIO SANTA CATALINA"

Tlf. 982 521 000

Fax 982 507 080

sestacata@yahoo.es



www.mondonedoferrol.org/hospederia

Praza do Seminario, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

SERVICIO DE BANQUETES
"CHAO DA BREA" C. B.

Telfs. | 627 702 117 Azucena
679 425 139 Higinio

Coto da Recadieira, 54
27747 MONDOÑEDO (Lugo)

A revista **AMENCER** está subvencionada por:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura

Imprenta SUC. MANCEBO - Mondoñedo